2. Presume-se o conhecimento oficial sempre que o interessado intervenha no procedimento administrativo e aí revele conhecer o conteúdo do acto.

3. Para os fins do nº 1, só se considera começo de execução o início da produção de quaisquer efeitos que atinjam os destinatários.

**Artigo 133º. Actos nulos**

1. São nulos os actos a que falte qualquer dos elementos essenciais ou para os quais a lei comine expressamente essa forma de invalidade.

2. São, designadamente, actos nulos:

- a) Os actos viciados de usurpação de poder;
- b) Os actos estranhos às atribuições dos ministérios ou das pessoas colectivas referidas no artigo 2º. em que o seu autor se integre;
- c) Os actos cujo objecto seja impossível, ininteligível ou constitua um crime;
- d) Os actos que ofendam o conteúdo essencial de um direito fundamental;
- e) Os actos praticados sob coacção;
- f) Os actos que careçam em absoluto de forma legal;
- g) As deliberações de órgãos colegiais que forem tomadas tumultuosamente ou com inobservância do quórum ou da maioria legalmente exigidos;
- h) Os actos que ofendam os casos julgados;
- i) Os actos consequentes de actos administrativos anteriormente anulados ou revogados, desde que não haja contra-interessados com interesse legítimo na manutenção do acto consequente.

**Artigo 134º. Regime da nulidade**

1. O acto nulo não produz quaisquer efeitos jurídicos, independentemente da declaração de nulidade.

2. A nulidade é invocável a todo o tempo por qualquer interessado e pode ser declarada, também a todo o tempo, por qualquer órgão administrativo ou por qualquer tribunal.

3. O disposto nos números anteriores não prejudica a possibilidade de atribuição de certos efeitos jurídicos a situações de facto decorrentes de actos nulos, por força do simples decurso do tempo, de harmonia com os princípios gerais de direito.

**Artigo 135º. Actos anuláveis**

São anuláveis os actos administrativos praticados como ofensa dos princípios ou normas jurídicas aplicáveis para cuja violação se não preveja outra sanção.

**Artigo 136º. Regime da anulabilidade**

1. O acto administrativo anulável pode ser revogado nos termos previstos no artigo 141º.



2. O acto anulável é susceptível de impugnação perante os tribunais nos termos da legislação reguladora do contencioso administrativo.

#### Artigo 137º. Ratificação, reforma e conversão

1. Não são susceptíveis de ratificação, reforma e conversão os actos nulos ou inexistentes.

2. São aplicáveis à ratificação, reforma e conversão dos actos administrativos anuláveis as normas que regulam a competência para a revogação dos actos inválidos e a sua tempestividade.

3. Em caso de incompetência, o poder de ratificar o acto cabe ao órgão competente para a sua prática.

4. Desde que não se tenha havido alteração ao regime legal, a ratificação, reforma e conversão retroagem os seus efeitos à data dos actos a que respeitam.

### SECÇÃO IV

#### Da revogação do acto administrativo

#### Artigo 138º. Iniciativa da revogação

Os actos administrativos podem ser revogados por iniciativa dos órgãos competentes, ou a pedido dos interessados, mediante reclamação ou recurso administrativo.

#### Artigo 139º. Actos susceptíveis de revogação

1. Não são susceptíveis de revogação:

- a) Os actos nulos ou inexistentes;
- b) Os actos anulados contenciosamente;
- c) Os actos revogados com eficácia retroactiva.

2. Os actos cujos efeitos tenham caducado ou se encontrem esgotados podem ser objecto de revogação com eficácia retroactiva.

#### Artigo 140º. Revogabilidade dos actos válidos

1. Os actos administrativos que sejam válidos são livremente revogáveis, excepto nos casos seguintes:

- a) Quando a sua irrevogabilidade resultar de vinculação legal;
- b) Quando forem constitutivos de direitos ou de interesses legalmente protegidos;
- c) Quando deles resultem, para a Administração, obrigações legais ou direitos irrenunciáveis.

2. Os actos constitutivos de direitos ou interesses legalmente protegidos são, contudo, revogáveis:

a) Na parte em que sejam desfavoráveis aos interesses dos seus destinatários;

b) Quando todos os interessados dêem a sua concordância à revogação do acto e não se trate de direitos ou interesses indisponíveis.

#### **Artigo 141º. Revogabilidade dos actos inválidos**

1. Os actos administrativos que sejam inválidos só podem ser revogados com fundamento na sua invalidade e dentro do prazo do respectivo recurso contencioso ou até à resposta da entidade recorrida.

2. Se houver prazos diferentes para o recurso contencioso, atender-se-á ao que terminar em último lugar.

#### **Artigo 142º. Competência para a revogação**

1. Salvo disposição especial, são competentes para a revogação dos actos administrativos, além dos seus autores, os respectivos superiores hierárquicos, desde que não se trate de acto da competência exclusiva do subalterno.

2. Os actos administrativos praticados por delegação ou subdelegação de poderes podem ser revogados pelo órgão delegante ou subdelegante, bem como pelo delegado ou subdelegado enquanto vigorar a delegação ou subdelegação.

3. Os actos administrativos praticados por órgãos sujeitos a tutela administrativa só podem ser revogados pelos órgãos tutelares nos casos expressamente permitidos por lei.

#### **Artigo 143º. Forma dos actos de revogação**

1. O acto de revogação, salvo disposição especial, deve revestir a forma legalmente prescrita para o acto revogado.

2. No entanto, deve o acto de revogação revestir a mesma forma que tiver sido utilizada na prática do acto revogado quando a lei não estabelecer forma alguma para este, ou quando o acto revogado tiver revestido forma mais oslene do que a legalmente prevista.

#### **Artigo 144º. Formalidades a observar na revogação**

São de observar na revogação dos actos administrativos as formalidades exigidas para a prática do acto revogado, salvo nos casos em que a lei dispuser de forma diferente.

#### **Artigo 145º. Eficácia da revogação**

1. A revogação dos actos administrativos apenas produz efeitos para o futuro, salvo o disposto nos números seguintes.

2. A revogação tem efeito retroactivo, quando se fundamente na invalidade do acto revogado.

3. O autor da revogação pode, no próprio acto, atribuir-lhe efeito retroactivo:

- a) Quando este seja favorável aos interessados;
- b) Quando os interessados tenham concordado expressamente com a retroactividade dos efeitos e estes não respeitem a direitos ou interesses indisponíveis.

#### Artigo 146º. Efeitos repristinatórios da revogação

A revogação de um acto revogatório só produz efeitos repristinatórios se a lei ou o acto de revogação assim expressamente o determinarem.

#### Artigo 147º. Alteração e substituição dos actos administrativos

Na falta de disposição especial, são aplicáveis à alteração e substituição dos actos administrativos as normas reguladoras da revogação.

#### Artigo 148º. Rectificação dos actos administrativos

1. Os erros de cálculo e os erros materiais na expressão da vontade do órgão administrativo, quando manifestos, podem ser rectificadas, a todo o tempo, pelos órgãos competentes para a revogação do acto.

2. A rectificação pode ter lugar oficiosamente ou a pedido dos interessados, tem efeitos retroactivos e deve ser feita sob a forma e com a publicidade usadas para a prática do acto rectificado.

### SECÇÃO V

#### Da execução do acto administrativo

#### Artigo 149º. Executoriedade

1. Os actos administrativos são executórios logo que eficazes.

2. O cumprimento das obrigações e o respeito pelas limitações que derivam de um acto administrativo podem ser impostos coercitivamente pela Administração sem recurso prévio aos tribunais, desde que a imposição seja feita pelas formas e nos termos admitidos por lei.

3. O cumprimento das obrigações pecuniárias resultantes de actos administrativos pode ser exigido pela Administração nos termos do artigo 155º.

#### Artigo 150º. Actos não executórios

1. Não são executórios:

- a) Os actos cuja eficácia esteja suspensa;
- b) Os actos de que tenha sido interposto recurso com efeito suspensivo;



- c) Os actos sujeitos a aprovação;
- d) Os actos confirmativos de actos executórios.

2. A eficácia dos actos administrativos pode ser suspensa pelos órgãos competentes para a sua revogação e pelos órgãos tutelares a quem a lei conceda esse poder, bem como pelos tribunais administrativos nos termos da legislação do contencioso administrativo.

#### **Artigo 151º. Legalidade da execução**

1. Salvo em estado de necessidade, os órgãos da Administração Pública não podem praticar nenhum acto ou operação material de que resulte limitação de direitos subjectivos ou interesses legalmente protegidos dos particulares, sem terem praticado o acto legislativo que legitima tal actuação.

2. Na execução dos actos administrativos devem, na medida do possível, ser utilizados os meios que, garantindo a realização integral dos seus objectivos, envolvam menor prejuízo para os direitos e os interesses dos particulares.

3. Os interessados podem impugnar administrativa e contenciosamente os actos ou operações de execução que excedam os limites do acto exequendo.

4. São também susceptíveis de impugnação contenciosa os actos de operações de execução arguidos de ilegalidade, desde que esta não seja consequência da ilegalidade do acto exequendo.

#### **Artigo 152º. Notificação da execução**

1. A decisão de proceder à execução administrativa é sempre notificada ao seu destinatário antes de ser iniciada a execução.

2. O órgão administrativo pode fazer a notificação da execução conjuntamente com a notificação do acto definitivo e executório.

#### **Artigo 153º. Proibição de embargos**

Não são admitidos embargos, administrativos ou judiciais, em relação à execução coerciva dos actos administrativos, sem prejuízo do disposto na lei em matéria de suspensão da eficácia dos actos.

#### **Artigo 154º. Fins da execução**

A execução pode ter por fim o pagamento de quantia certa, a entrega de coisa certa ou a prestação de um facto.

#### **Artigo 155º. Execução para o pagamento de quantia certa**

1. Quando por força de um acto administrativo devam ser pagas a uma pessoa colectiva pública, ou por ordem desta, pres-

tações pecuniárias, o órgão administrativo competente seguirá, sendo caso disso, o processo de execução regulado no Código de Processo das Contribuições e Impostos.

2. Seguir-se-á o processo indicado no número anterior quando, na execução dos actos fungíveis, estes forem realizados por pessoa diversa do obrigado.

3. No caso previsto no nº 2, a Administração optará por realizar directamente os actos de execução ou por encarregar terceiro de os praticar, ficando todas as despesas, incluindo indemnizações e sanções pecuniárias, por conta do obrigado.

#### **Artigo 156. Execução para a entrega de coisa certa**

Se o obrigado não fizer entrega da coisa que a Administração deveria receber, o órgão competente procederá às diligências que forem necessárias para tomar posse administrativa da coisa devida.

#### **Artigo 157º. Execução para a prestação de facto**

1. No caso de execução para prestação de acto fungível, a Administração notifica o obrigado para que proceda à prática do acto devido, fixando um prazo razoável para o seu cumprimento.

2. Se o obrigado não cumprir dentro do prazo fixado, a Administração optará por realizar a execução directamente ou por intermédio de terceiro, ficando neste caso, todas as despesas, incluindo indemnizações e sanções pecuniárias, por conta do obrigado.

3. As obrigações positivas de prestação de facto infungível só podem ser objecto de de coacção directa sobre os indivíduos obrigados nos casos expressamente previstos na lei, e sempre com observância dos direitos fundamentais consagrados na Constituição e do respeito devido à pessoa humana.

### **SECÇÃO VI**

#### **Da reclamação dos recursos administrativos**

##### **SUBSECÇÃO 1**

##### **Generalidades**

#### **Artigo 158º. Princípio geral**

1. Os particulares têm direito de solicitar a revogação ou a modificação dos actos administrativos, nos termos regulados neste Código.

2. O direito reconhecido no número anterior pode ser exercido, consoante os casos:

- a) Mediante reclamação para o autor do acto;

b) Mediante recurso para o superior hierárquico do autor do acto, para o órgano colegial de que este seja membro, ou para o delegante ou subdelegante;

c) Mediante recurso para o órgano que exerça poderes de tutela ou de superintendência sobre o autor do acto.

#### Artigo 159º. **Fundamentos da impugnación**

Salvo disposición em contrário, as reclamações e os recursos podem ter por fundamento a ilegalidade ou a inconveniência do acto administrativo impugnado.

#### Artigo 160º. **Legitimidade**

1. Têm legitimidade para reclamar ou recorrer os titulares de dereitos subjectivos ou intereses legalmente protegidos que se considerem lesados pelo acto administrativo.

2. É aplicável à reclamação e aos recursos administrativos o disposto nos números 2 e 4 do artigo 53º.

### SUBSECÇÃO II

#### **Da reclamação**

#### Artigo 161º. **Princípio geral**

1. Pode reclamar-se de qualquer acto administrativo, salvo disposición legal em contrário.

2. Não é possível reclamar de acto que decida anterior reclamação ou recurso administrativo, salvo com fundamento em omissão de pronúncia.

#### Artigo 162º. **Prazo de reclamação**

A reclamação deve ser apresentada no prazo de 15 dias a contar:

a) Da publicação do acto no *Diário da República* ou em qualquer outro periódico oficial, quando a mesma seja obrigatória;

b) Da notificação do acto, quando esta se tenha efectuada, se a publicação não for obrigatória;

c) Da data em que o interessado tiver conhecimento do acto, nos restantes casos.

#### Artigo 163º. **Efeitos da reclamação**

1. A reclamação de acto de que não caiba recurso contencioso tem efeito suspensivo, salvo nos casos em que a lei disponha em contrário ou quando o autor do acto considere que a sua não execução imediata causa grave prejuízo ao interesse público.



2. A reclamação de acto de que caiba recurso contencioso não tem efeito suspensivo, salvo nos casos em que a lei disponha em contrário ou quando o autor do acto, officiosamente ou a pedido dos interessados, considere que a execução imediata do acto cause prejuízos irreparáveis ou de difícil reparação ao seu destinatário.

3. A suspensão da execução a pedido dos interessados deve ser requerida à entidade competente para decidir no prazo de cinco dias a contar da data em que o projecto lhe for apresentado.

4. Na apreciação do pedido verificar-se-á as provas revelam uma probabilidade séria de veracidade dos factos alegados pelos interessados, devendo decretar-se, em caso afirmativo, a suspensão da executoriedade.

5. O disposto nos números anteriores não prejudica o pedido de suspensão de eficácia perante os tribunais administrativos, nos termos da legislação aplicável.

#### **Artigo 164º. Prazos de recurso**

A reclamação não suspende nem interrompe os prazos de recurso.

#### **Artigo 165º. Prazo para a decisão**

O prazo para o órgão competente apreciar e decidir a reclamação é de 30 dias.

### **SUBSECÇÃO III**

#### **Do recurso hierárquico**

#### **Artigo 166º. Objecto**

Podem ser objecto de recurso hierárquico todos os actos administrativos praticados por órgãos sujeitos aos poderes hierárquicos de outros órgãos, desde que a lei não exclua tal possibilidade

#### **Artigo 167º. Espécies e âmbito**

1. O recurso hierárquico é necessário ou facultativo, consoante o acto a impugnar seja ou não insusceptível de recurso contencioso.

2. Ainda que o acto de que se interpõe recurso hierárquico seja susceptível de recurso contencioso, tanto a ilegalidade como a inconveniência do acto podem ser apreciados naquele.

#### **Artigo 168º. Prazos de interposição**

1. Sempre que a lei não estabeleça prazo diferente, é de 30 dias o prazo para a interposição do recurso hierárquico necessário.

2. O recurso hierárquico facultativo deve ser interposto dentro do prazo establecido para interposição de recurso contencioso do acto em causa.

#### Artigo 169º. Interposição

1. O recurso hierárquico interpõe-se por meio de requerimento no qual o recorrente deve expor todos os fundamentos do recurso, podendo juntar os documentos que considere convenientes.

2. O recurso é dirigido ao mais elevado superior hierárquico do autor do acto, salvo se a competência para a decisão se encontrar delegada ou subdelegada,

3. O requerimento de interposição do recurso pode ser apresentado ao autor do acto ou à autoridade à quem seja dirigido.

#### Artigo 170º. Efeitos

1. O efeito hierárquico necessário suspende a eficácia do acto recorrido, salvo quando a lei disponha em contrário ou quando o autor do acto considere que a sua não execução imediata causa grave prejuízo ao interesse público.

2. O órgão competente para apreciar o recurso pode revogar a decisão a que se refere o número anterior, ou tomá-la quando o autor do acto o não tenha feito.

3. O recurso hierárquico facultativo não suspende a eficácia do acto recorrido.

#### Artigo 171º. Notificação dos contra-interessados

Interposto o recurso, o órgão competente para dele conhecer deve notificar aqueles que possam ser prejudicados pela sua procedência para alegarem, no prazo de 15 dias, o que tiverem por conveniente sobre o pedido e os seus fundamentos.

#### Artigo 172º. Intervenção do órgão recorrido

1. Após a notificação a que se refere o artigo anterior ou, se a ela não houver lugar, logo que interposto o recurso, começa a correr um prazo de 15 dias dentro do qual o autor do acto se deve pronunciar sobre o recurso e remetê-lo ao órgão competente para dele conhecer.

2. Quando os contra-interessados não hajam deduzido oposição e os elementos constantes do procedimento demonstrem suficientemente a procedência do recurso, pode o autor do acto recorrido revogar, modificar ou substituir o acto de acordo com o pedido do recorrente.

#### Artigo 173º. Rejeição do recurso

O recurso deve ser rejeitado nos casos seguintes:

- a) Quando haja sido interposto para órgão incompetente;
- b) Quando o acto impugnado não seja susceptível de recurso;
- c) Quando o recorrente careça de legitimidade;
- d) Quando o recurso haja sido interposto fora do prazo;
- e) Quando ocorra qualquer outra causa que obste ao conhecimento do recurso.

#### Artigo 174º. Decisão

1. O órgão competente para conhecer do recurso pode, sem sujeição ao pedido do recorrente, salvas as excepções previstas na lei, confirmar ou revogar o acto recorrido; se a competência do autor do acto recorrido não for exclusiva, pode também notificá-lo ou substituí-lo.

2. O órgão competente para decidir o recurso pode, se for caso disso, anular, no todo ou em parte, o procedimento administrativo e determinar a realização de nova instrução ou de diligências complementares.

#### Artigo 175º. Prazo para a decisão

1. Quando a lei não fixe prazo diferente, o recurso hierárquico deve ser decidido no prazo de 30 dias contado a partir da remessa do procedimento ao órgão competente para dele conhecer.

2. O prazo referido no número anterior é elevado até ao máximo de 90 dias quando haja lugar à realização de nova instrução ou de diligências complementares.

3. Decorridos os prazos referidos nos números anteriores sem que haja sido tomada uma decisão, considera-se o recurso tacitamente indeferido.

### SUBSECÇÃO IV

#### Do recurso hierárquico impróprio e do recurso tutelar

##### Artigo 176º. Recurso hierárquico impróprio

1. Considera-se impróprio o recurso hierárquico interposto para um órgão que exerça poder de supervisão sobre outro órgão da mesma pessoa colectiva, fora do âmbito da hierarquia administrativa.

2. Nos casos expressamente previstos por lei, também cabe recurso hierárquico impróprio para os órgãos colegiais em relação aos actos administrativos praticados por qualquer dos seus membros.

3. São aplicáveis ao recurso hierárquico impróprio, com as necessárias adaptações, as disposições reguladoras do recurso hierárquico.



**Artigo 177º. Recurso tutelar**

1. O recurso tutelar tem por objecto actos administrativos practicados por órganos de persoas colectivas públicas sujeitas a tutela ou superintendência.

2. O recurso tutelar só existe nos casos expressamente previstos por lei e tem, salvo disposición em contrário, carácter facultativo.

3. O recurso tutelar só pode ter por fundamento a inconveniência do acto recorrido nos casos em que a lei estabeleça uma tutela de mérito.

4. A modificación ou substitución do acto recorrido só é possível se a lei conferir poderes de tutela substitutiva e no âmbito destes.

5. Ao recurso tutelar são aplicáveis as disposicións reguladoras do recurso hierárquico, na parte em que não contrariem a natureza própria daquele e o respeito debido à autonomía da entidade tutelada.

**Capítulo III****Do contrato administrativo****Artigo 178º. Conceito de contrato administrativo**

1. Diz-se contrato administrativo o acordo de vontades pelo qual é constituída, modificada ou extinta uma relação jurídica administrativa.

2. São contratos administrativos, designadamente, os contratos de:

- a) Empreitada de obras públicas;
- b) Concessão de obras públicas;
- c) Concessão de serviços públicos;
- d) Concessão de exploração do domínio público;
- e) Concessão de uso privativo do domínio público;
- f) Concessão de exploração de jogos de fortuna ou azar;
- g) Fornecimento contínuo;
- h) Prestação de serviços para fins de imediata utilidade pública.

**Artigo 179º. Utilização do contrato administrativo**

Os órgãos administrativos, na prossecução das atribuições da pessoa colectiva em que se integram, podem celebrar contratos administrativos, salvo se outra coisa resultar da lei ou a natureza das relações a estabelecer.

**Artigo 180º. Poderes da Administração**

Salvo quando outra coisa resultar da lei ou da natureza do contrato, a Administração Pública pode:

- a) Modificar unilateralmente o conteúdo das prestações, desde que seja respeitado o objecto do contrato e o seu equilíbrio financeiro;
- b) Dirigir o modo de execução das prestações;
- c) Rescindir unilateralmente os contratos por imperativo de interesse público devidamente fundamentado, sem prejuízo do pagamento de justa indemnização;
- d) Fiscalizar o modo de execução do contrato;
- e) Aplicar as sanções previstas para a inexecução do contrato.

#### Artigo 181º. Formação do contrato

São aplicáveis à formação dos contratos administrativos, com as necessárias adaptações, as disposições deste Código relativas ao procedimento administrativo.

#### Artigo 182º. Escolha do co-contratante

1. Salvo regime especial, nos contratos que visem associar um particular ao desempenho regular de atribuições administrativas o co-contratante deve ser escolhido por concurso público, por concurso limitado ou por ajuste directo.

2. Ao concurso público são admitidas todas as entidades que satisfaçam os requisitos gerais estabelecidos por lei.

3. Ao concurso limitado só podem ser admitidas as entidades que satisfaçam os requisitos especialmente fixados pela Administração para cada caso ou que tenham sido convidadas para o efeito pelo contraente público.

4. O ajuste directo deve ser precedido de consulta feita pelo menos a três entidades.

#### Artigo 183º. Dispensa de concurso

1. Os contratos devem ser sempre precedidos de concurso público, o qual só pode ser dispensado por proposta devidamente fundamentada do órgão competente, que mereça a concordância expressa, consoante os casos, do órgão superior da hierarquia ou do órgão de tutela.

2. Sem prejuízo do número anterior, a realização ou dispensa do concurso público ou limitado, bem como o ajuste directo, dependem da observância das normas que regulam a realização de despesas públicas.

#### Artigo 184º. Forma dos contratos

Os contratos administrativos são sempre celebrados por escrito, salvo se a lei estabelecer outra forma.

#### Artigo 184º. Forma dos contratos

Os contratos administrativos são sempre celebrados por escrito, salvo se a lei estabelecer outra forma.

**Artigo 185º. Regime de invalidade dos contratos**

1. São aplicáveis à falta e vícios da vontade, bem como à nulidade e anulabilidade dos contratos administrativos, as correspondentes disposições do Código Civil para os negócios jurídicos, salvo o disposto no número seguinte.

2. O contrato administrativo é, também, nulo ou anulável quando o fosse o acto administrativo com o mesmo objecto e idêntica regulamentação da sua situação concreta.

**Artigo 186º. Actos opinativos**

1. Os actos administrativos que interpretem cláusulas contratuais ou que se pronunciem sobre a respectiva validade não são definitivos e executórios, pelo que na falta de acordo do co-contratante a Administração só pode obter os efeitos pretendidos através de acção a propor no tribunal competente.

2. O disposto no número anterior não prejudica a aplicação das disposições gerais da lei civil relativas aos contratos bilaterais, a menos que tais preceitos tenham sido afastados por vontade expressa dos contratantes.

**Artigo 187º. Execução forçada das prestações**

1. Salvo a disposição legal em contrário, a execução forçada das prestações contratuais em falta só pode ser obtida através dos tribunais administrativos.

2. Se, em consequência do não cumprimento das prestações contratuais, o tribunal condenar o co-contratante particular à prestação de um facto ou à entrega de coisa certa, pode a Administração, mediante acto administrativo definitivo e executório, promover a execução coerciva da sentença por via administrativa.

**Artigo 188º. Cláusula compromissória**

É válida a cláusula pela qual se disponha que devem ser decididas por árbitros as questões que venham a suscitar-se entre as partes num contrato administrativo.





# A STC 90/1992 do 11 de xuño.

Carlos I.  
Aymerich  
Cano

Fomento e coordinación xeral da  
investigación científica e técnica:  
cara a unha definición xurisprudencial  
do fomento

Bolseiro do  
M.E.C.

## 1. A sentenza

A STC 90/1992, do 10 de xuño, resolutoria de senllos conflitos de competencia presentados polo Consell Executiu da Generalitat de Cataluña e mais polo Parlamento da mesma Comunidade Autónoma contra determinados preceptos da Lei estatal 13/1986 do 14 de abril, de Fomento e Coordinación da Investigación Científica e Técnica, presenta o interese de se-la primeira de entre as do Tribunal Constitucional español que, dun xeito non incidental, tenta ofrecer un concepto constitucional do fomento administrativo.

As alegacións dos recorrentes contra a norma estatal,

alén de noutras consideracións<sup>1</sup>, baseábanse precisamente na negación do carácter coordinador e de fomento da norma estatal recorrida, contra do que do seu nome semella derivarse:

A) En canto á negación da natureza coordinadora da Lei estatal 13/1986, apóiana os recorrentes, dunha banda, na carencia de calquera representación autonómica no verdadeiro órgano coordinador previsto pola Lei –a Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía–, sendo que o órgano nominalmente chamado pola Lei a exercer esas funcións –o Consello Xeral de Ciencia e Tecnoloxía–, e no que participan as Comunidades Autónomas, a penas ten atribuídas funcións consultivas. Resulta así que as Comunidades Autónomas que ó abeiro do artigo 148.1.17 CE e con diferentes fórmulas teñen asumida estatutariamente a competencia exclusiva de fomento da investigación científica e técnica, co único límite de coordinación xeral que ó Estado lle corresponde efectuar neste eido ex art. 149.1.15 CE, ven fanada a súa competencia en virtude dunha norma estatal non coordinadora senón (sic) de «ordenación imperativa», na medida en que o principal instrumento previsto na Lei para a realización da política científica e investigadora do Estado –o Plano Nacional de Investigación Científica e Técnica (PNICT en diante)– é elaborado en exclusiva polo Estado, sen que as Comunidades Autónomas poidan decidir en absoluto polo que á asignación dos recursos dedicados á investigación se refire e de tal maneira que a inclusión no devandito PNICT dos programas de investigación propostos polas Comunidades Autónomas vén suxeita ó mesmo réxime que se lles aplica ós propostos polos centros privados de investigación –solicitudade da Comunidade Autónoma e aceptación da Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía– e, sendo tamén, finalmente, que a lei recorrida consagra o arredamento definitivo dos centros públicos de investigación da actividade investigadora das Comunidades Autónomas, que non participan na súa xestión e ven deste xeito indefinidamente adiado o seu traspaso<sup>2</sup>.

Deste xeito, engaden os promotores do recurso, todo o potencial investigador público conformado polos citados centros estatais de investigación, segue a estar, coma na xeira preconstitucional, adscrito á Administración

<sup>1</sup> Impugnábase tamén a D. A. da Lei que habilita ó Ministerio de Educación e Ciencia para regula-la participación e representación dos científicos españois agrupados en sociedades científicas no Consello Internacional de Unións Científicas e nas súas Unións, así como naquelas outras Comisións ou Unións científicas internacionais que, pola súa natureza, esixisen esta regulación. O pronunciamento do Tribunal Constitucional neste punto declara a constitucionalidade, en principio, da devandita D. A. 5<sup>a</sup> da Lei estatal ó abeiro das competencias estatais das regras 15<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> do artigo 149.1 CE, a salvo das posibles intromisións no contido dos dereitos fundamentais dos art. 20 e 22 CE, a que puidese hipoteticamente leva-lo seu desenvolvemento.

<sup>2</sup> En canto á imposibilidade desta transferencia, raza o representante procesual do Consell Executiu da Generalitat de Cataluña, na fundamentación do recurso, o seguinte:



do Estado, «co que o exercicio efectivo da competencia autonómica exclusiva sobre a investigación científica e técnica evapórase, a non ser que Cataluña, cos seus escasos recursos, se aventure a crear novos centros de investigación que, se cadra, dupliquen os traballos propios dos xestionados polo Estado, chegando así a un resultado indeseable»<sup>3</sup>.

B) En canto á impugnación do carácter de fomento da Lei recorrida, o avogado do goberno catalán entende que precisa un clarexamento previo do significado e alcance deste termo, propondo dous de entre os posibles:

1) Que se por fomento se entende aquela actividade que propón «mover» nun sentido determinado o comportamento dos administrados e «estimular» a realización de actos que coadxuven á realización do interese público sen utilizaren a coacción e sen crearen servicios públicos, é claro que a lei impugnada só dun xeito marxinal sería unha lei de fomento, por canto o seu núcleo esencial constitúeo a regulación do Plano Nacional que –no seu contido substancial– xestionarán os organismos públicos de investigación estatais que a propia lei reorganiza e configura como verdadeiros servicios públicos.

2) Que se, pola contra, se adopta unha acepción máis xenérica de actividade de fomento, consistente no conxunto de actividades orientadas a crear riquezas ou mellora-lo nivel da nación, chegárase a un resultado similar ó que ocorre coa «cultura» ou o «fenómeno da cultura», que a STC 49/1984 configurou como unha materia na que, indistintamente, tanto a Administración central coma as Comunidades Autónomas poden actuar. O que acontece, sen embargo, é que esta noción de fomento aplicada agora á «investigación» conduciría a resultados moi distintos dos obtidos na materia «cultura», pois que a investigación, polas súas propias características –necesidade de grandes investimentos económicos, repercusións sociais que implica, necesidade de establecer prioridades no seu desenvolvemento, necesidade de coordinación–, esixe a suma e integración de esforzos e rexeita, xa que logo, estériles duplicidades de ac-

a) o art. 14.a da Lei recorrida encárgalles a estes centros públicos de investigación a realización das previsións contidas no PNICT. Xa que logo, segundo o representante do Goberno catalán, estes organismos convertense en intransferibles.

b) Ó se prever no art. 15 da mesma Lei a posibilidade de concertaren estes organismos públicos de investigación convenios de colaboración coas Comunidades Autónomas, estase a dar a entender que nos achamos perante órganos diferenciados e non vinculados ás Comunidades Autónomas.

c) Conforme co art. 16 do mesmo texto legal, a estrutura e os nomeamentos referidos a estes organismos, efectuaranos os departamentos ministeriais correspondentes, o que impediría tamén calquera traspaso dos mesmos ás Comunidades Autónomas.

<sup>3</sup> Cfr. as alegacións do avogado representante do Consell Executiu da Generalitat de Cataluña, parágrafo "g" *in fine*.

tuacións de maneira que o fomento da investigación non pode ser unha competencia indistinta que lle permita ó Estado e ás Comunidades Autónomas actividades separadas e inconexas. Por todo isto, pola natureza mesma do sector sobre do que inciden, a coordinación que a CE impón ten que ser unha coordinación necesaria e a priori, o que obriga a considerar que, en relación ó fomento da investigación, nos achamos diante dunha competencia común do Estado e mais das Comunidades Autónomas para a execución dos grandes obxectivos nacionais que ten que estar –e isto é esencial–, necesariamente coordinada e non xebrada<sup>4</sup>.

En canto á contestación ó recurso, o avogado do Estado salienta, en primeiro lugar, que o art. 149.1.15 CE, ó lle reservar ó Estado o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica, permítelle ó lexislador estatal «ordenar ese fomento e coordinación xeral, sendo ese precisamente o 'obxectivo de regulación' da lei impugnada». Logo de subliñar que os termos constitucionais de fomento e coordinación reclaman unha certa concreción que xustifica a concesión ó lexislador estatal dunha certa marxe de liberdade, pois que «non semella posible definir univocamente e de forma universalmente válida ambos e dous conceptos», establece as seguintes precisións polo que fai á coordinación xeral:

■ O obxecto de coordinación só pode vir constituído polas accións de promoción efectuadas polos diferentes poderes públicos en cumprimento do artigo 44.2 CE.

■ Que da noción constitucional de «coordinación xeral» non se pode inferir inequivocamente a obriga para o lexislador estatal de adoptar unha fórmula coordinadora determinada ou de que esta coordinación acade un grao determinado, senón que a determinación da fórmula coordinadora e do grao que esta teña que acadar, correspóndelle ó lexislador estatal.

■ Que da CE non se pode tirar prohibición ningunha que impida acudir ó planeamento como instrumento coordinador da acción dos diferentes suxeitos.

■ Que cómpre ter en conta a concorrencia da competencia estatal de fomento e de coordinación xeral da in-

<sup>4</sup> Cfr. as alegación do avogado representante do goberno catalán, parágrafo "c".



vestigación científica e técnica do art. 149.1.15 CE, con outros títulos recollidos no mesmo precepto, nomeadamente, polo que atinxe ós «organismos públicos de investigación» do art. 13 da Lei recorrida, tal e como acontece coa investigación en materia de defensa –ex art. 149.1.4 CE– e tal constitúe o obxecto de organismos investigadores do Estado, como o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, en materia enerxética, medioambiental, etc.

Polo que atinxe ó mantemento da titularidade estatal dos centros públicos de investigación ós que fai referencia a lei, o avogado do Estado xustifícaa polo interese suprarrexional ó que as funcións destes atenden (caso do CSIC e outros), o que os converte en intransferibles xa que, entende o representante estatal, non se inclúen dentro da competencia da C.A. de Cataluña –art. 9.7 E.A.Cat.– «pois que esta –o mesmo que acontece no caso das demais Comunidades Autónomas– ten que se referir ó círculo de intereses rexionais (art. 137 CE e 25.1 e 3 do E.A.Cat.)», definición suprarrexional dos intereses que deriva das propias normas reguladoras destes organismos e que, en todo caso, «é resultado dunha decisión do lexislador estatal postconstitucional implícita no art. 13 da lei, o cal é perfectamente encadrable dentro da competencia do art. 149.1.15 CE»<sup>5</sup>.

En canto ós FUNDAMENTOS XURIDICOS da sentenza a decisión desestima completamente os recursos. O Tribunal comeza por facer unha exposición do sistema de repartición de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de investigación científica e técnica, concibindo a devandita materia como obxecto dunha concorrencia competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas semellante ó que acontece coa materia de cultura, de maneira que unha mesma materia, neste caso o fomento da investigación científica e técnica «*queda ou pode quedar, en principio, á plena dispoñibilidade dunha pluralidade de centros decisores, é dicir, á dispoñibilidade do Estado e á de tódalas Comunidades Autónomas*»<sup>6</sup>, coa particularidade de que a competencia de fomento da investigación científica e técnica pode proxectarse sobre calquera sector material, mesmo que a súa titularidade non lle corresponda a quen exerce a competencia:

<sup>5</sup> Cfr. a contestación do avogado do Estado, parágrafo “c”. Engade o representante estatal na súa argumentación que na medida en que algún destes organismos posúa centros ou servicios de importancia rexional, estes poderán ser transferidos sen que os preceptos recorridos da Lei ofrezan o máis mínimo atranco.

<sup>6</sup> Cfr. o fundamento xurídico 2, alínea A.a.



*«Sen prexuízo de que o fomento da investigación científica e técnica fose adoptado pola CE como título de competencias que, en todo caso, pola súa propia especificidade debería ser considerado preferente, xa ten sinalado o Tribunal Constitucional noutra ocasión (STC 53/1988) que o título «fomento da investigación científica e técnica» é, como determinado en razón dun fin, susceptible de ser utilizado verbo de calquera xénero de materias con independencia de cal sexa o titular da competencia para a ordenación destas pois, doutro xeito, pola simple subtracción das materias sobre as que as Comunidades Autónomas adquiriron competencia, o título de competencias que a CE lle reserva ó Estado como competencia exclusiva, quedaría baleiro de todo contido propio»<sup>7</sup>.*

En canto á coordinación xeral, o Tribunal Constitucional límitase a reproducir a doutrina constitucional anterior coa advertencia, que tampouco é nova, de que

*«... a determinación dos medios, canles e fórmulas para acadar este obxectivo integrador da pluralidade de accións resultantes do exercicio dun conxunto de competencias en réxime de concorrencia presenta unha moi ampla marxe de apreciación e decisión que, en principio, só ó titular da competencia de coordinación lle corresponde concretar»<sup>8</sup>.*

Respecto do concepto de fomento, o Tribunal Constitucional entende que

*«non resulta en absoluto convincente a tese de que o fomento da investigación científica e técnica, dado o seu contido, circunscriba a competencia estatal –e, se é o caso, a autonómica– ó mero apoio, estímulo ou incentivo das actividades investigadoras privadas a través da previsión e outorgamento de axudas económicas ou recompensas honoríficas e similares, excluindo, como contraposta, aquelas outras accións directas de intervención consistentes na creación e dotación de centros e organismos públicos nos que se realicen actividades investigadoras, senón que a sinalada expresión engloba todas aquelas medidas encamiñadas á promoción e avance da investigación, entre as que, sen dúbida, teñen tamén que se incluí-las de carácter organizativo e servicial que permiten crear e manter unidades*

<sup>7</sup> Cfr. o fundamento xurídico 2, alínea A.d *in fine*.

<sup>8</sup> Cfr. o fundamento xurídico 2, alínea C *in fine*.

*e centros dedicados ó desenvolvemento e espallamento das tarefas investigadoras»<sup>9</sup>.*

Xa que logo, para o Tribunal é perfectamente lexítima a solución pola que optou o Estado por medio da lei recorrida, de elaborar un Plano Nacional para o fomento da investigación científica e técnica, dotado cos seus propios fondos presupostarios e dirixido ós centros públicos de investigación de titularidade estatal, xa que non condiciona nin interfere na posta en marcha pola Generalitat de Cataluña da súa propia política na materia, mesmo a través da previsión e elaboración dun plano propio. Deste xeito, o feito de non participaren as Comunidades Autónomas no órgano encargado da elaboración do PNICT, non supón vulneración de competencias ningunha das competencias asumidas polas Comunidades Autónomas. Do mesmo xeito<sup>10</sup>, as medidas de coordinación da actividade en materia de investigación das Comunidades Autónomas e do Estado previstas na Lei –a creación do Consello Xeral de Ciencia e Tecnoloxía, a previsión da posible integración no PNICT de programas das Comunidades Autónomas– tampouco vulneran as competencias autonómicas na materia, baleirándoas de contido.

## 2. O termo «fomento» na CE de 1978

Os termos fomento, defensa e promoción, usados pola CE xa desde o seu limiar (e máis adiante nos art. 9.2, 40.1, 43.2, 44, 46, 47...), presentan para o intérprete un problema fundamental: o de determinar se fan sen máis referencia a un fin xeral dos poderes públicos alcanzable por estes por medio das técnicas que en cada momento xulguen máis axeitadas ou se, de acordo coa tradición administrativista española, identifican –nomeadamente o termo fomento– un conxunto de técnicas administrativas de incentivo ou estímulo da actuación doutros suxeitos, públicos ou privados, sen utiliza-la coacción e sen crear servicios públicos, conforme coa clásica definición de Jordana de Pozas. É dicir, se o fomento é unha técnica ou constitúe sen máis un fin xeral dos poderes públicos. Desde este punto de vista material, de definición

<sup>9</sup> Cfr. o fundamento xurídico 2, alínea A.b.

<sup>10</sup> E por máis que, como sinala a sentenza, "o exercicio da competencia estatal relativa á coordinación xeral da investigación científica e técnica se puidese plasmar na previsión normativa de fórmulas por medios distintos, mesmo con alcance e eficacia máis intensa da que resulta das que se preveron" (fundamento xurídico 3 alínea c).



da función ou finalidade pública de fomento, semella que a CE de 1978 utiliza o termo nun sentido amplo, como un obxectivo ou mandato dirixido ós poderes públicos, que estes poden actualizar por medio das técnicas de intervención que se xulguen máis convenientes. Neste sentido, a caracterización do fomento ofrecida polo Tribunal Constitucional nesta sentenza e transcrita supra, é perfectamente coherente coa utilización que dos sinónimos defensa, promoción ou fomento fai a CE de 1978, e vénlle da-la razón ós autores que recentemente están a revisa-la tradicional concepción doutrinal do fomento como conxunto de técnicas administrativas, propugnando unha consideración teleolóxica do mesmo<sup>11</sup> e propondo, como alternativa estrutural a chamada «actividade administrativa dispensadora de axudas e recompensas».

### 3. Conclusións

O que acontece é que o fomento hai que estudialo tamén desde unha perspectiva competencial, é dicir, desde o punto de vista das peculiaridades que introduce o dato de que a competencia do Estado ou das Comunidades Autónomas sobre unha materia determinada veña circunscrita ó fomento das actividades que respecto da mesma se poden realizar. Neste sentido<sup>12</sup> hai unha grande imprecisión na xurisprudencia do Tribunal Constitucional ó falar de fomento e, en xeral, das que el identifica como medidas de fomento<sup>13</sup>:

■ Hai ocasións nas que –en contra do sinalado na sentenza que estamos a comentar– claramente conceptúa o fomento como unha ampla expresión equivalente a «unha acción de estímulo e promoción»<sup>14</sup>, acollendo deste xeito o concepto tradicional de fomento como un modo tecnicamente definido do actuar dos poderes públicos.

■ Noutros supostos, como o da sentenza que estamos a comentar, enténdeo nun sentido amplo, equivalente a un fin xeral dos poderes públicos que estes poden realizar non só por medio de medidas de estímulo ou promoción, senón tamén por medio doutras técnicas de in-

<sup>11</sup> Principalmente, J. L. Martínez López-Muñiz, nos seus traballos “La actividad administrativa dispensadora de ayudas y recompensas”, no libro *Homenaje a J. L. Villar Palasi*, e “Subvenciones e igualdad”, *REDA* 65, 1990, e J. C. Laguna de Paz, no seu libro *Las empresas públicas de promoción económica regional*, Montecorvo, Madrid, 1991.

<sup>12</sup> E xa rexeitado polo Tribunal Constitucional o interesado entendemento, expresado varias veces polos representantes procesuais autonómicos perante o TC de que o fomento “é unha típica medida administrativa ou de execución” (v.gr., o avogado representante da Xunta de Galicia no recurso resolto pola STC 64/1989). Naquela sentenza, dicía claramente o Tribunal Constitucional que “pola súa propia natureza, a acción de fomento por parte dos poderes públicos non exclúe a intervención do lexislador prevendo e fixando o obxecto, alcance, contido e demais circunstancias relativas a esa acción de prestación e fomento, sen prexuízo de que a subseguinte xestión do sistema de axudas así previsto, competa á estricta función administrativa” (cfr. sent. cit., fundamento xurídico 3).

<sup>13</sup> As subvencións, nomeadamente, ás que nunha re-



tervención: no noso caso, por medio da creación dun servizo público de investigación.

■ En fin, noutros casos, o fomento contémpase desde o punto de vista da especial natureza das medidas de fomento fronte ás de ordenación. En palabras do alto tribunal:

*«É propio das medidas de fomento fronte ás de ordenación non impedir nin entorpecer medidas análogas adoptadas por outros órganos de poder, como a experiencia cotiá nos ensina»<sup>15</sup>.*

Medidas que, no caso de competencias concorrentes entre o Estado e as Comunidades Autónomas, non deben impedi-lo lexítimo exercicio da súa competencia polas demais instancias competentes<sup>16</sup>.

Xa que logo, e para concluír, o concepto de fomento establecido pola STC 90/1992 non vén clarexalas contradicións nas que nesta materia incorre a xurisprudencia constitucional. O fomento enténdese xa en sentido material –como un modo de actuación tecnicamente definido dos poderes públicos–, xa en sentido teleolóxico –como un fin xeral dos poderes públicos que non prexulga as técnicas de intervención concretas, que se utilicen–, segundo o caso concreto. E aínda se podería dicir que este concepto de fomento é contradictorio coa natureza do mesmo, que presenta sempre un elemento certo e constante: o da actuación «desde fóra» do poder público titular da competencia. ☐

cente sentenza, contra da liña encetada polo Tribunal Supremo e pola doutrina mesmo antes da entrada en vigor da CE de 1978, cualifica como “medidas gracia-bles” (cfr. STC 64/1990, fundamento xurídico 4).

<sup>14</sup> Cfr. a STC 84/1983, fundamento xurídico 2 *in fine*. No caso desta sentenza, trátase do fomento en materia cultural, caso semellante, e de acordo coa delimitación de competencias feita polo Tribunal Constitucional na sentenza 90/1992, ó caso do fomento da investigación científica e técnica, cualificada polo Tribunal Constitucional como competencia concorrente entre o Estado e as Comunidades Autónomas. En fin, noutra sentenza tamén en materia de distribución de competencias en materia de investigación científica e técnica –a STC 53/1988– o Tribunal Constitucional define o fomento como “a concesión dun beneficio ou axuda a quen libremente o solicite” (Cfr. o fundamento xurídico 2).

<sup>15</sup> Cfr. a STC 53/1988, fundamento xurídico 1, tamén en materia de fomento da investigación científica e técnica.

<sup>16</sup> Senón que teñen que ser “complementarias, concorrentes ou neutras” (Cfr., entre outras, a STC 177/1990, fundamento xurídico 4).



Baldomero  
Cores  
Trasmonte

Letrado do  
Parlamento  
de Galicia

# A Lei de Educación e Promoción de Adultos de Galicia

## I

### **A axenda política e a formación de adultos**

#### ***1. A formación de adultos e a educación permanente***

A educación de adultos xustifícase na necesidade de incorpora-los membros dunha comunidade a unha sociedade como a moderna, presidida por intensos e continuos cambios sociais, tecnolóxicos e culturais. O ámbito persoal de calquera actividade dos poderes públicos orientase tanto a aqueles que non tiveron ocasión de facer estudos formais no seu momento, coma a aqueles que necesitan completa-la súa formación e adaptarse dalgunha maneira ás esixencias da realidade social, económica ou cultural. A posibilidade dunha tecnificación da sociedade, mediante a incorporación a unha sociedade neo-tecnolóxica, impulsada á formalización de normas que faciliten a incorporación a novas formas de vi-



da laboral. Non está pensada como unha forma de enriquecemento persoal, senón como a incorporación a novas formas laborais, moi distintas das previstas para unha sociedade asentada sobre o traballo intelectual e manual<sup>1</sup>.

O modelo de educación e promoción de adultos inspírase no modelo formalizado pola UNESCO, comezando sendo unha proposta de formación permanente de adultos, para completarse despois como un modelo de promoción e formación de adultos cun criterio de actividade de acción pública, destacando o simple feito da temporalidade. É xa clásica a definición perfilada na Conferencia de Nairobi pola que a expresión 'educación de adultos' se concibe como a totalidade dos procesos organizados de educación. Esta totalidade afecta ó contido, ó nivel e ó método, sexan formais ou non formais, xa sexa que prolonguen ou substitúan a educación inicial dispensada nas escolas e universidades, e en forma de aprendizaxe profesional, que gracias a elas, as persoas consideradas como adultos pola sociedade á que pertencen, desenvolven as súas aptitudes, enriquecen os seus coñecementos, melloran as súas competencias técnicas e profesionais ou danlles unha nova orientación, e fan evolucionar as súas actitudes ou o seu comportamento na dobre perspectiva dun enriquecemento integral do home e dunha participación nun desenvolvemento socioeconómico e cultural equilibrado e independente. Así mesmo estableceuse na devandita Conferencia que a educación de adultos non pode ser considerada intrinsecamente, senón como un subconxunto integrado nun proxecto global de educación permanente<sup>2</sup>.

A Lei de Educación e Promoción de Adultos, de Galicia, promulgada como Lei 9/1992, do 24 de xullo, hai que situala dentro deste marco xeral. Na Exposición de Motivos acolleu esta idea da incorporación do home galego a unha sociedade cambiante ó sinalar que o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a evolución ininterrompida do noso medio social, que provoca profundos e constantes cambios nos modos de vida, nos costumes e nas formas de organización social, e as transformacións dos modos e medios de información e comunicación volven estériles moitos modos de coñecer, interpretar e actuar adquiridos de forma tradicional e calquera forma ríxida e estereotipada de actuar. Faise preciso desenvolver, por riba dos coñecementos, os procesos de pensamento, a reflexión, a análise e o contraste que permitan a adap-

<sup>1</sup> José Enrique RODRÍGUEZ IBÁÑEZ: *De la sociedad de trabajo a la sociedad tecnológica.* "Revista Española de Investigación." Núm. 45/89, pp. 159-174

<sup>2</sup> José Antonio FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ e José María ADAM: *La educación de adultos. Un libro abierto.* Ministerio de Educación y Ciencia. Madrid, 1986.

tación permanente das mulleres e dos homes ás presións cotiás do medio natural e social e ós cambios que nel se producen.

## **2. A axenda política e a importancia da educación de adultos**

A axenda política, entendida como a importancia dun asunto na vida política dunha comunidade capaz de interesar ou de impulsa-la súa solución mediante o debate ou a súa tradución en políticas públicas. Unhas veces, a axenda política é unha forma de percepción de necesidades que demandan políticas públicas, pero outras veces é xa a forma como o asunto se converte en materia de actividade política, como un in put que esixe algunha actividade por parte dos operadores políticos. Pode definirse, en definitiva, como a entrada no sistema formal de decisión política, de acordo coa definición dada por algún politólogo<sup>3</sup>. A intensidade, a orientación e a influencia dos fenómenos ou feitos que entran na axenda política dependen, en calquera caso, da sensibilidade que sobre o asunto teña unha determinada sociedade, da súa comparación con outras culturas ou xa, máis concretamente, en canto a unhas solucións concretas son imprescindibles para resolver situacións de necesidade. A posición da educación de adultos, como unha necesidade da sociedade moderna, pode ilustrar na práctica galega algunha das preocupacións e do xeito como tiveron acceso á axenda política e a súa resolución por medio de normas específicas.

En Galicia, concretamente, o desexo de resolve-lo problema, de acordo, naturalmente, coas fórmulas dominantes en cada momento, estivo presente cando menos entre os expertos en educación. Dun xeito concreto, por exemplo, como se lembra no **Informe/cero**, publicado polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade compostelá, así como o **Plano Galicia** incidira na materia significando como un dos seus aspectos máis importantes a formación profesional, dada a escasa cualificación existente na poboación galega. O Informe sinala que este obxectivo, co tempo, non irá máis lonxe dunha práctica formativa de carácter académico cultural básico, pode observarse utilizando técnicas de investigación social e política<sup>4</sup>.

A práctica política, na medida en que se fai eco de posibles medidas que se deben adoptar para resolver pro-

<sup>3</sup> Jean G. PADIOLEAU: **El Estado en concreto**. Fondo de Cultura Económica. México, 1989.

<sup>4</sup> INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN: **A Educación en Galicia. Informe cero**. Universidade de Santiago, 1988.



blemas reais, pode ser un medio de observación empírico. Na práctica política galega, por exemplo, a conversión dun asunto en normas legais polo executivo, pode dar idea da importancia dun asunto como centro de debate inscrito na axenda política. Dentro do dereito autonómico, a Lei de Educación e Formación de adultos aprobada polo Parlamento de Galicia está precedida dunha serie de decretos e ordes. Polo Real Decreto 1763, 1983, do 24 de xullo, fíxose o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, entre as que figuraban expresamente a educación permanente de adultos. A lexislación secundaria emanada da Administración autonómica, foi, pois, unha das primeiras materias que deu ós poderes autonómicos a posibilidade de regular ou organiza-las modalidades do ensino como a educación de adultos e de institucións que dalgún xeito se relacionan con ela desde calquera aspecto posible<sup>5</sup>.

Así mesmo, a incidencia dun asunto na vida parlamentaria de Galicia pode ser un elemento de observación para calibrar a importancia dunha materia na vida política autonómica e a súa palpitación na realidade política e social de Galicia. Algunhas iniciativas no seo do Parlamento permiten detectar a importancia do tema da educación de adultos na realidade educativa e cultural de Galicia. Aínda que a lei aprobada polo Parlamento en materia de educación e promoción de adultos estaba moi vinculada á morfoloxía de leis como a catalana ou a andaluza, a preocupación no seo do Parlamento galego manifestouse nalgunha ocasión<sup>6</sup>.

### 3. *As fontes legais das ensinanzas de adultos*

A incidencia da Unesco nas políticas dos estados en materia de educación de adultos deu orixe a unha extensa lexislación no dereito español nos anos sesenta. A creación de escolas especiais de alfabetización de adultos, polo Decreto do 24 de xullo de 1963, as campañas de alfabetización iniciadas mediante o Decreto do 10 de agosto dese mesmo ano, abrían as canles a un concepto que de educación de adultos pasará a denominarse educación permanente de adultos e enmarcarase co tempo en concepto como de ensinanzas integradas. Tanto como unha modalidade especial, como por considerarse como unha actividade máis do ensino regrado, a educación de adultos, unida á educación permanente, aca-

<sup>5</sup> Poden citarse, entre outras, as normas secundarias seguintes: Decreto 120/1982, do 5 de outubro, polo que se crea o Instituto Galego de Bacharelato a Distancia; Orde do 25 de outubro de 1982, pola que se desenvolve o Decreto 120/1982, do 5 de outubro, polo que foi creado o INGABAD; Decreto 253/1983, do 15 de decembro, polo que se regulan os Centros experimentais; Orde do 20 de febreiro de 1984, pola que se convocan axudas a institucións ou entidades colaboradoras na Educación Permanente de Adultos equivalente ó nivel de EXB para gastos de funcionamento e adquisición de material; Decreto 158/1984, do 27 de setembro, polo que se crea o Centro Galego de Educación Básica a Distancia; Orde do 18 de febreiro de 1985, pola que se convocan axudas a institucións ou entidades colaboradoras na Educación Permanente de Adultos, equivalente ó nivel de EXB, para gastos de funcionamento e adquisición de material; Orde do 17 de abril de 1986, pola que se suprime a proba final dos centros, círculos e aulas de Educación Permanente de Adultos; Orde do 10 de maio de 1988, pola que se regulan os crite-



rios de admisión de alumnos na modalidade de Educación Permanente de Adultos nos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca; Orde do 4 de xullo de 1988, pola que se convocan axudas a institucións ou entidades colaboradoras na educación permanente de adultos, equivalente ó nivel de EXB, para gastos de funcionamento e adquisición de material; Orde do 1 de setembro de 1989, pola que se convocan axudas a institucións ou entidades colaboradoras na Educación Permanente de Adultos, equivalente ó nivel de EXB, para gastos de funcionamento e adquisición de material.

<sup>6</sup> En varias ocasións a promoción de adultos foi obxecto de atención no Parlamento de Galicia podendo mencionarse entre outras: A pregunta con resposta en Pleno, do G.P. Alianza Popular, a iniciativa de Dona María del Carmen Lovelle Alen, sobre criterios, programas e perspectivas do Goberno Galego respecto da Educación Permanente de Adultos (Pregunta -BOPG núm. 420, 23-5-85, Resposta- Pleno do 11-6-85; DS num. 119); A pregunta con resposta oral en Comisión,

dan a súa institucionalización formal nas escolas de adultos, mediante o Decreto 193/1967, do 2 de febreiro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de ensinanza primaria. Estas escolas de adultos, segundo o artigo 31 da Lei, configuran unha modalidade da ensinanza primaria e os obxectivos concretos desta modalidade era a de iniciar ou completa-la ensinanza primaria e formar ou perfeccionar, na orde profesional, a aqueles alumnos que xa posúan, aínda que elementalmente, os coñecementos da escola.

A Constitución española de 1978 expresou, en termos globais, as tendencias programáticas da educación de acordo coa nova situación política e con aqueles principios e valores que o texto constitucional pretendía establecer. No artigo 27 afirmou que todos teñen dereito á educación e impuxo ós poderes públicos a obriga de garanti-lo dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, coa participación efectiva de tódolos sectores afectados e a creación de centros docentes. Desde o anteproxecto ata a redacción definitiva, o artigo foi obxecto de moi poucas variacións. Non faltaron emendas establecendo o principio de educación permanente, baixo a fórmula, por exemplo, de que os españois teñen dereito á educación e á cultura en condicións de igualdade ó longo de toda a súa vida, pero non prosperaron, dada a xeneralidade da expresión do artigo definitivamente aprobado. A repartición de competencias establecida no artigo 149.1.30 da Constitución deixaba a prol do poder central, como competencia exclusiva, a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27, a fin de garanti-lo cumprimento das obrigas dos poderes públicos.

Os estatutos de Autonomía anteriores ó de Galicia, como son o do País Vasco e o de Cataluña, crearon unha tipoloxía de competencias denominada de competencias plenas en materia de educación. Reproducindo ó pé da letra o artigo 16 do Estatuto do País Vasco, aínda que sen menciona-lo concepto de competencia plena, e o 15 do Estatuto de Cataluña, xa coa mención expresa de tal competencia, o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, no seu artigo 31, acolleu para a Comunidade Autónoma galega, a competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, grados, modalidades e especialidades, no ámbito das súas

competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución en nas leis orgánicas que, conforme ó apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía. En definitiva, como sucede con tantas competencias semanticamente exclusivas, transfórmanse en compartidas cando na cláusula do artigo correspondente fai acto de presenza a expresión "sen prexuízo".

A lexislación ordinaria estatal ou autonómica tentou desenvolver-las principios constitucionais e, en cada caso, as previsións estatutarias en materia de educación de adultos. A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, conecta a educación permanente coa educación de adultos e coa eliminación de calquera forma de discriminación educativa ou social, segundo aclara no seu Preámbulo. O título III está dedicado a **Da educación das persoas adultas** entendéndose ós artigos 51 a 54. Na realidade, o articulado é un conxunto de aspiracións programáticas, dirixidas dun xeito especial a promover a acción dos poderes públicos mediante as políticas públicas necesarias para o desenvolvemento destas ensinanzas non obrigatorias e non regradas.

Algunhas comunidades autónomas anticipáronse á regulación legal da educación de adultos, servindo de base para a elaboración da lei de Galicia sobre a materia. Durante o mes de marzo de 1990, o Parlamento de Cataluña e o de Andalucía aprobaron senllas leis de formación ou de educación de adultos. A Lei 3/1991, de formación de adultos, de Cataluña, e pouco máis dunha semana despois, a Lei 3/1990, do 27 de marzo, para a educación de adultos, de Andalucía, completando o núcleo de antecedentes da futura lei galega. Sobre todo a lei andaluza será a fonte máis concreta da que se nutrirá, na súa temática e expresión formal, a lei galega. Para unha interpretación dos seus preceptos, e tendo en conta as formas de interpretación previstas no artigo 2 do Código Civil, é indispensable ter moi presente, sobre todo, a lei andaluza. Unha comparación entre as dúas pode servir mellor para unha comprensión do contido da lei galega. As emendas que se lle incorporaron e os resultados dos debates, sobre todo en trámite de Ponencia, non alteran substancialmente a súa proximidade coa lei andaluza.

do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xosé Giraldez Maneiro, sobre criterios da Consellería de Educación para asignarlles ós profesores de EXB as prazas que se produzan nos centros de Educación Permanente de Adultos (pregunta - BOPG num. 105, 9-2-87, tramitada pola Comisión 4ª o 31-3-87); A Proposición non de Lei, do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Antonio Martínez Aneiros, sobre o Ano Internacional de Alfabetización (Proposición - BOPG num. 264, 8-6-90, tramitada pola Comisión 4ª o 31-11-88 e rexeitada- núm. 324, 13-12-88).

<sup>7</sup> Jose Manuel ZUMAQUERO: Los derechos educativos en la Constitución española de 1978. Euns. Pamploa, 1984, pp. 61-62, na que se recolle a emenda formulada por Raúl Morado.



## **A elaboración parlamentaria e a estrutura da Lei de Educación e Promoción de Adultos de Galicia**

### **1. A formación interna da Lei de Adultos de Galicia**

A formación interna da lei é o proceso de elaboración dentro do Parlamento, desde que se presenta a iniciativa ata que se remite ó executivo para os actos de integración da norma no ordenamento xurídico e para dotala da debida eficacia. Desde a iniciativa lexislativa ata a aprobación da lei, dentro do sistema político español creado ó abeiro da Constitución de 1978 e do galego creado por medio do Estatuto de Autonomía de 1981, xa que noutros sistemas a sanción e a promulgación pódennlle corresponder incluso ó propio parlamento, a formación interna da lei constitúe un conxunto de actos sucesivos, constitutivos do correspondente procedemento parlamentario, que permiten, mediante o seu cumprimento, dar validez á norma aprobada<sup>8</sup>. A Lei de Educación e Promoción de Adultos de Galicia elaborouse internamente de acordo co procedemento lexislativo ordinario, establecido no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen acollerse sequer a ningunha das posibles excepcións, como pode suceder, por exemplo, con respecto á redución de prazos.

A iniciativa lexislativa de educación e promoción de adultos entrou no Parlamento de Galicia mediante unha proposición de lei, a instancia do Grupo Popular, entrando no Rexistro o 26 de outubro de 1990 e sendo logo publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Non hai rastro expreso dos motivos polos que o grupo maioritario da Cámara, sustento do executivo no parlamento, fixo uso da iniciativa lexislativa parlamentaria e non se presentou como un proxecto de lei, como é o usual. Non era a primeira vez, sen embargo, que se presentaba unha iniciativa parlamentaria a prol dunha lei de educación de adultos, aínda que con menos fortuna en canto á súa aprobación. Destaca dunha maneira especial a Proposición de Lei, do G.P. Mixto, a iniciativa do deputado Antonio Martínez Aneiros, de creación da unidade Programa de Animación e Promoción da Educación Permanente de Adultos<sup>9</sup>.

<sup>8</sup> María Asunción GARCIA MARTINEZ: **El procedimiento legislativo**. Congreso dos Deputados. Madrid, 1987.

<sup>9</sup> Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, número 194, do 26 de novembro de 1987; non foi tomada en consideración no pleno do 21 de xuño de 1988, publicándose o debate no Diario de Sesións número 22.



O debate de toma en consideración da iniciativa que rematou sendo lei celebrouse o 17 de setembro de 1991, destacando a separación temporal entre a presentación e a entrada no Parlamento, de maneira que se só meses separan a iniciativa galega das catalana e da andaluza, cando se aproba existía xa un ano de diferenza polo menos. Aberto o prazo de emendas, que se publicaron no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 218, do 5 de decembro de 1991, a Comisión de Educación e Cultura designou os ponentes do xeito que se fai normalmente no Parlamento de Galicia, deixando que cada Grupo parlamentario designe un membro titular, ás veces tamén un suplente, de xeito que, neste caso, foron catro os poñentes. O Regulamento do Parlamento de Galicia faculta as comisións para nomear no seu seo un ou varios poñentes para que, á vista do texto e das emendas, redacte un informe, pero os grupos son moi celosos da súa presenza en Ponencia, polo que de momento aínda non se produciu a designación dun só ponente. Moitas leis, sen embargo, gañarían moito coa técnica unimodal, de xeito que o papel dos asesores, sobre todo os xuristas parlamentarios, puideran depurala tecnicamente, feito practicamente imposible polo alto grao de politización que se deriva da forma de designación que metafóricamente pode denominarse designación corporativa ou intragrupal.

De tódalas maneiras, pero sobre todo cando existe equilibrio entre as forzas políticas parlamentarias ou cando non se trata dunha iniciativa na que as posicións son inmovibles pola súa natureza política, o trámite de Ponencia é o centro nuclear da formación interna da lei. Se as iniciativas chegasen depuradas tecnicamente ó procedemento parlamentario, podía ser que a Ponencia xogase o papel mecánico que formalmente parece asignarlle o Regulamento da Cámara. Pero, ademais, da simple operación de ensamblaxe de emendas, en Ponencia soen facerse operacións de técnica xurídica moi importantes, xa que nelas nacen artigos novos, se altera a orde e a sistemática da iniciativa ou se lle dá un contido diferente, todo isto, naturalmente, en forma de propostas á Comisión, xa que se trata só dun informe e non dun dictame, tal e como é o que emite a Comisión<sup>10</sup>.

A Comisión debera ser, teoricamente, o lugar máis axeitado para discutir e perfeccionalo texto da Ponencia. Sen embargo, pola presenza dos medios de comunicación, convértese xa nun pequeno pleno, no que in-

<sup>10</sup> Fernando SANTAOLALLA LÓPEZ: **Derecho parlamentario español**. Editora Nacional. Madrid, 1984 (hai nova edición); Anxo TEIXEIRO PIÑEIRO: **O Parlamento de Galicia**. Ir Indo. Vigo, 1988. En relación co proceso de elaboración da Lei de adultos de Galicia, sinalamos que o Informe de Ponencia se publicou no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 271, do 22 de maio de 1992. O debate no Pleno publicouse no Diario de Sesións número 121, sesión plenaria número 121, celebrada o 23 de xuño de 1992.

cluso os defectos de redacción ou técnicos se converten en materia ideolóxica. Isto advírtese nitidamente nos plenos. A ideoloxización dos erros técnicos, dunha coma ás veces, reduce o impacto dalgúns debates, ofrecendo unha imaxe de curto alcance ante a opinión pública. Debería ordenarse a iniciativa tecnicamente, depurando o texto e fixando o sentido coas emendas admitidas e logo a Comisión proceder a un exame máis polo miúdo do texto da Ponencia.

Precisamente, e por iso a anterior divagación, a proposición de lei de adultos elaborada no Parlamento de Galicia tivo o seu momento máis creativo no trámite de Ponencia. A Comisión celebrou unha sesión e no Pleno practicamente se reproduciron as razóns que moveron ós Grupos a aceptar ou refuga-las emendas propostas e o alcance do texto do informe elaborado na Ponencia <sup>11</sup>. O labor de Ponencia, pois, desenvolvido en oito sesións, foi a base do traballo e, agás algunha que outra deficiencia, foi obxecto de análise polo miúdo. As posicións ideolóxicas non sempre deixaban marxe para acercarse ás posicións, pero tecnicamente o texto foi moi mellorado.

## *2. A estrutura formal da Lei de Adultos galega*

Calquera norma xurídica que conteña unha pluralidade de artigos pode ordenarse de acordo cun plano predeterminado ou ordenarse de acordo cunhas fórmulas empíricas ou racionais, derivadas da propia lóxica interna dos preceptos, a tradición ou por outros distintos criterios, segundo as circunstancias. A sistemática e a división do articulado ten estrutura lóxica, e unha ordenación, desde as que é posible facer unha interpretación sistemática do seu texto. A ordenación formal dos textos legais ten unhas consecuencias na mesma comprensión do seu contido. Por iso, as unidades legais, como son artigos, poden ser obxecto de ordenación técnica que permita unha sistemática máis alá de calquera acumulación en forma de recompilacións. A estrutura interna da ordenación esta relacionada coa súa finalidade, co ámbito de aplicación, cos elementos ou coa complexidade da materia que pretenda regula-lo texto legal.

A Lei de Educación e Promoción de Adultos de Galicia consta de vinteún artigos. Namentres a lei andaluza consta dun número semellante de artigos, a lei catala-

<sup>11</sup> O debate da Lei de educación e promoción de adultos de Galicia foi aprobada no pleno do día 23 de xuño de 1992 e está publicado no Diario de Sesións número 121.



na eleva, en cambio, o seu número a trinta. Sendo a mesma a materia de todas estas leis, obsérvanse, a simple vista, diferencias na cantidade das unidades básicas que se expliquen polo maior casuismo de lexislación catalana, como se desprende do coñecemento doutros textos lexislativos. Aínda que isto pareza un simple aspecto formal, está relacionado cunha forma global de enteder a función da Lei e dos poderes políticos en sistemas parlamentarios como o central e os autonómicos en España<sup>12</sup>.

Cantas menos situacións regule o texto legal, máis posibilidades de discrecionalidade ten o executivo para a determinación das políticas públicas, de xeito que moitas leis son só normas de autorización para que o executivo desenvolva as súas políticas sen necesidade de impulso nin control concreto da actividade gobernamental. Unha das bases dun réxime autonómico era, precisamente, o da capacidade do propio pobo para esta-lo máis presente posible na determinación das políticas, pero, na realidade española, en xeral, as relacións entre o lexislativo e o executivo foron o resultado dunha aplicación da política seguida polo poder central. Polo xeral, as normas anglosaxonas regulan con máis casuismo, incluso as constitucións dos estados membros da federación americana, as materias legais, co fin, sobre todo, de evita-la interpretación que o executivo poida facer coa elaboración dos conseguintes textos regulamentarios.

No caso da lei de adultos son, ademais, moitas as remisións que ten que facer para regula-la materia. A definición do adulto, a organización dos centros, condicións xurídicas do persoal, etc., aconsellan remisións a outras normas xa vixentes, unhas veces de competencia estatal e outras veces de competencia autonómica, segundo a materia. O artigo 16, por exemplo, é un exemplo claro de remisión a normas estatais ou autonómicas, sen precisar dun xeito concreto os aspectos que regula cada lexislación, o que obriga ó executivo a unha interpretación do texto para aplica-la norma correspondente a cada esfera. O artigo 16 da Lei di literalmente do xeito seguinte: "A creación, autorización e avaliación dos centros públicos e privados de educación e promoción de adultos, así como a súa organización, determinación de cadros de persoal, órganos de xestión e participación, someteranse á lexislación vixente na Comunidade Autónoma, tendo en conta, en todo caso, as súas especiais características".

<sup>12</sup> Grupo GRETEL: *La forma de las leyes*. Barcelona, 1986; COMUNIDAD DE MADRID: *Técnica normativa de las Comunidades Autónomas*. Madrid, 1991.



### 3. *A sistemática da Lei Galega de Adultos*

A sistemática da lei é moi semellante á da Lei de educación de adultos de Andalucía. Como ela, ten un título I de **Disposicións Xerais**, se ben a disposición dos artigos, que no caso de Galicia se estende a catro, é un pouco diferente. O título II denomínase na proposición de Galicia **Actuacións previas e programas de acción**, mentres que na de Andalucía se titula **De los planes educativos y acciones comunitarias**, se ben o contido do articulado é practicamente o mesmo. O título III titúlase na Lei galega **Organización e coordinación das actuacións**, mentres que na de Andalucía se titula **De la coordinación de actuaciones**. O título IV titúlase **Dos centros e do persoal** dedicándose un capítulo primeiro ós centros e un segundo ó persoal, mentres que na Lei andaluza se divide a materia entre os títulos IV e VI, titulándose o I **De los centros para la educación de adultos** e o II **Del personal**. O título V da Lei galega titúlase sinxelamente **Do financiamento** e correspóndese co título VII titulado **De la financiación para la financiación de los adultos** da Lei andaluza. Só o título V da Lei andaluza, rubricado **De la ordenación de las enseñanzas**, non ten o seu equivalente na estrutura da Lei galega.

Na Lei denomínanse finais as disposicións que noutras leis denomínanse como derradeiras. O BNG presentou unha emenda no sentido de cambia-la denominación que figuraba na proposición de lei pola de finais. Aceptada a mesma, a Lei pasou a usa-la denominación de finais en vez de derradeiras. Derradeiro é, seguindo os dicionarios máis coñecidos, un adxectivo que indica último ou que nunha serie se encontra no lugar final. Esta función semántica do adxectivo derradeiro está recollida en tódolos dicionarios máis ou menos recentes que se editaron nestes últimos tempos. Polo tanto, neste sentido, pode utilizarse no contexto que estamos analizando como sinónimo de final. En canto ó uso desta forma en plural, habería que sinalar que tódolos adxectivos admiten a marca de número; e neste caso concreto esta aínda se ve máis reforzada ó proceder á substantivación do devandito adxectivo, tal como figura nalgúns dos dicionarios e obras consultadas. En resumo, non parece haber problema para facer emprego de derradeiro, tanto en singular coma en plural (disposición derradeira -disposicións derradeiras), pois do que se trata é efectivamente dunha serie pechada de disposicións, na que

hai unha (referente á exposición de motivos, articulado dunha lei) ou un conxunto delas (adicionais, transitorias, derogatorias) que a pechan, que son as disposicións(s) derradeiras(s). Así mesmo, non hai inconveniente no uso da expresión disposicións finais. Pero o problema práctico non é de natureza lingüística, senón de técnica político-xurídica e de técnica lexislativa<sup>13</sup>.

### III

## A delimitación do obxecto e o ámbito persoal

### 1. *O concepto de educación e promoción de adultos*

A Lei galega e a andaluza definen o concepto de educación e promoción de adultos no seu articulado, mentres que a lei catalana opta por introduci-la definición no preámbulo. En ámbalas dúas leis, a definición enténdese desde un punto de vista instrumental, axeitada ó propio ámbito e pretensións das leis, o que exclúe calquera outra definición máis xenérica ou na que se recollan outros posibles matices do concepto. A Lei catalana, ó definila no Preámbulo, permite unha maior elasticidade e xeneralidade do concepto, xa que non esta sometido ós rigores nominais dunha definición precisa.

O artigo primeiro da Lei galega define a educación e promoción de adultos, para os únicos efectos, coma o "conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientado a lles proporcionar a tódolos residentes no territorio da Comunidade Autónoma galega que superaron a idade de escolaridade obrigatoria o acceso, de forma gratuíta e permanente, ós niveis educativos e profesionais que lles permitan a súa formación persoal, así como a súa integración e promoción satisfactoria no mundo social e laboral". Correspóndese coa definición da Lei andaluza existindo algúns matices, sen embargo, que permiten diferenciar ámbolos dous artigos. O artigo primeiro da Lei andaluza di así: "A los efectos de la presente Ley, se entiende como Educación de

<sup>13</sup> Recollido do informe emitido para este asunto por don Xosé Torres Romar.



Adultos, el conjunto de acciones y planes educativos y de desarrollo socio-cultural que tiene como finalidad ofrecer a los ciudadanos andaluces, sin distinción alguna, que han superado la edad de la escolaridad obligatoria, con carácter gratuito y permanente, y especialmente a quienes no lo obtuvieron en el sistema educativo, el acceso a los bienes de la cultura, y el apoyo a su desarrollo cultural, familiar, comunitario y social".

Formalmente, destaca a grande extensión no texto de ámbolos dous artigos, desbordando as recomendacións formais que aconsellan como máximo unha extensión elástica pero aproximadamente de 30 ou 40 palabras para facilita-la intelixibilidade do texto. Ámbolos dous artigos, como outros das dúas leis, rebordan con moito estes límites prudenciais, chegando na galega a 80 o número de palabras<sup>14</sup>.

## 2. O acoutamento instrumental dos conceptos

A Lei galega define a educación e promoción de adultos como un conxunto de accións, ás que a Lei andaluza engade tamén un conxunto de planos. Tanto as accións coma os planos exclúen definicións de tipo substantivo, xa que o concepto da idea dun marco de acción dos poderes públicos ós que vai destinada a esixencia da acción ou da planificación. A lei catalana utiliza o termo actividades, sen engadirille outros matices de carácter substantivo. As accións ou plano concretan o ámbito substantivo da Lei, ó especificar que se trata de accións e plano educativos e de desenvolvemento socio-cultural na Lei andaluza e de carácter educativo, cultural, social e profesional. Neste aspecto, a definición galega está máis próxima á catalana, na que se estende a actividades de toda clase, educativas, culturais, cívicas, sociais e formativas, sen incluí-lo profesional como elemento substantivo do concepto, senón como unha finalidade.

A finalidade da educación e promoción de adultos na Lei galega, é o acceso, en forma gratuíta e permanente, ós niveis educativos e profesionais. A Lei andaluza acolle un concepto máis extenso e indeterminado, como é o acceso ós bens da cultura e o desenvolvemento cultural, familiar, comunitario e social. A Lei catalana aínda é máis detallada na especificación das intencións. Non deixa de ser curioso que dun xeito expreso non figure nas leis autonómicas a metodoloxía básica para seguir na formación de adultos. A LOXSE, no artigo 51.5 establece

<sup>14</sup> Fernando SAINZ MORENO e Juan Carlos DASILVA OCHOA: *La calidad de las leyes*. Parlamento vasco. Victoria, 1989;



que a organización e a metodoloxía baséanse na autoaprendizaxe, en función das súas experiencias, necesidades e intereses. Na Lei galega parece estar implícita nos obxectivos formulados polo seu artigo 3 parágrafo f.

### **3. O ámbito persoal e o destinatario material da lei**

O ámbito persoal da Lei está fixado pola condición de adulto. A LOXSE dá por definido o concepto de adulto, referíndose só ós maiores de vintecinco anos para o seu acceso directo á Universidade. No artigo 2 afirma o principio básico da educación permanente, facilitando ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas. Non hai unha definición legal do concepto de adulto, polo que o concepto hai que obtelo por exclusión. Na LOXSE, fíxase o ensino básico, constitutivo do ensino primario e secundario, nos dezaseis anos. O artigo 5 determina o carácter obrigatorio e gratuíto do ensino básico. No artigo 6 asigna ós alumnos o dereito á permanencia nos centros ordinarios cursando a ensinanza básica ata os dezaioito anos de idade.

A Lei galega, no artigo 1, fixou o concepto de adultos nas persoas “que superaron a idade de escolaridade obrigatoria”. Utiliza a mesma fórmula que a Lei andaluza no seu artigo 1. A Lei catalana, en cambio, no seu artigo 14.2, ós efectos da Lei, considera persoas adultas ás que superaron a idade máxima de permanencia nos centros ordinarios, cursando o ensino básico, fixada no sistema educativo. As expresións dan por implícita a definición pola LOXSE ou por calquera outra norma que defina o límite da escolaridade obrigatoria. Se, hipoteticamente, cambiase o concepto e se puidese distinguir entre ensino básico, o que non é factible, e escolaridade obrigatoria, a Lei catalana ofrecería máis posibilidade de cambio.

O concepto de adulto complétase coa definición do ámbito persoal ó que, desde o punto de vista da condición se estende. A definición prevista no artigo 1, do que debe entenderse por educación e promoción de adultos, contén algúns elementos diferenciais con respecto á Lei andaluza. Na Ponencia cámbiase o concepto de cidadáns galegos polo de residentes no territorio da Comunidade Autónoma galega por razóns de técnica xurídica, xa que desta maneira se precisa un ámbito máis amplo de actuación persoal con respecto ós destinatarios da edu-

cación xa que non cabe ningunha interpretación literal ou restrictiva que poida reduci-lo ámbito, só que teñan a condición política de galegos.

En relación con esta idea e co fin de amplia-las posibilidades do ámbito persoal, creouse tamén na ponencia unha disposición adicional facultando ás comunidades galegas, asentadas fóra de Galicia, para organizar actividades de educación e promoción de adultos de acordo ás posibilidades que ofrezca a Lei de recoñecemento da galegitude, do 15 de xuño de 1983. Partíase, á hora de elabora-lo texto desta disposición, da doutrina sentada polo Tribunal Constitucional en relación co bacharelato a distancia, tendo en conta que a Comunidade Autónoma galega carece de competencias en relación coa emigración de acordo co previsto no seu Estatuto de Autonomía. Unha emenda pretendía fixa-lo ámbito persoal especificando a idade mínima dos dezaseis anos, pero non prosperou. Deste xeito, a fórmula aprobada finalmente é a equivalente á Lei andaluza.

#### IV

### **Campos de acción, obxectivos, actuacións e programas en materia de educación de adultos**

#### *1. Os campos de acción e os obxectivos da lei*

A Lei galega distingue entre campos de acción, obxectivos a acadar, actuacións e programas de acción como ámbito, ideais e actividades a seguir para resolver os problemas da educación e da promoción de adultos. As Leis catalana e andaluza seguen unha liña máis simple, reducindo a andaluza, por exemplo, os campos de actuación dentro dos planos, de xeito que se unen nun mesmo capítulo o ámbito funcional e os instrumentos concretos de actuación como son os planos. Na Lei galega, incluso, os campos de actuación sitúanse no artigo 2, antes de formulación dos obxectivos, cando poderían situarse a continuación deles, se ben a colocación da lei non é incorrecta, pois a definición dos ámbitos persoal, territorial ou real deben situarse na parte introdutoria da norma, neste caso entre as disposicións xerais.



Os campos fundamentais de actuación, perfilados pola Lei galega no seu artigo 2 como tales, define a formación básica, entendida como aprendizaxe complementaria dunha instrucción deficiente de acordo coas esixencias da sociedade actual; a formación para o mundo laboral e a formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegas. O artigo galego está inspirado no artigo 1 da Lei catalana e non ten correspondente exacto coa Lei andaluza. O artigo catalán, sen embargo, é moito máis casuístico que o galego. Está baseado na educación compensatoria, mentres que o galego formula o concepto como unha aprendizaxe complementaria. Con poucas variantes, a filosofía de inserción e actuación no modelo laboral mantense nas leis, aínda que en forma máis sintética no texto galego.

O terceiro campo fundamental de actuación fórmulase na lei galega como a formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegas. A Lei catalana é máis expresiva e adopta un punto de vista distinto, ó precisar aspectos cívicos e moi concretamente os relativos ó coñecemento "da realidade social e cultural de Cataluña dentro dun proceso de recuperación nacional".

Os obxectivos están descritos de forma moi explícita nas leis catalana, andaluza e galega, con algunhas variantes entre si, normalmente derivadas da incorporación de emendas ó texto orixinario. A erradicación do analfabetismo, sensibiliza-la opinión pública sobre o problema, estende-lo dereito a tódolos cidadáns da Comunidade Autónoma, proporcionarlle unha formación básica, fomenta-lo desenvolvemento de actitudes instrumentais e intelectuais e a capacidade intelectual e a inserción laboral, son os obxectivos da Lei galega, en termos xerais.

A LOXSE, no artigo 51.2, fixa como obxectivos da educación de adultos a adquisición e formación básica, o acceso ós niveis do sistema educativo, a mellora de cualificación profesional e o desenvolvemento da capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica. A Lei andaluza e a catalana fíxanse obxectivos semellantes, con máis ou menos matices diferenciais. En todas elas, a educación de adultos resúmese como unha acción contra o analfabetismo, a promoción educativa forma a comprensión do contorno social e a integración nas novas formas de vida social. En trámite de Ponencia



non se aceptaron emendas sobre a supresión de conductas sexistas e racistas e o fomento da saúde, a comprensión do medio ambiente e a difusión dos valores ligados á paz e á convivencia.

O artigo 4 refírese ás características das ensinanzas de adultos, como unha relación entre ensinanzas, metodoloxía axeitada, niveis mínimos en estudos homologados, currículas modulares e titulación. A fonte inmediata do artigo é o capítulo I do título I, rubricado como **Características Xerais**, coincidindo literalmente en moitos casos. A estrutura modular dos currícula, que figuraba na iniciativa en forma dispositiva, quedou redactada en forma potestativa pola aceptación dunha emenda. O texto catalán dicía: "Dar preeminencia a estrutura modular", o que é unha fórmula intermedia entre o imposto e o facultativo, sendo o resto practicamente igual.

Un obxectivo concreto da Lei catalana é promoción do coñecemento do que chama a realidade nacional, da sociedade catalana e da integración dos cidadáns de Cataluña a Europa. Na alínea c) do artigo 2 di concretamente que un obxectivo da Lei é "promover el conocimiento de nuestra realidad nacional en todos sus aspectos y, de manera específica, en todo lo relacionado con la lengua y la cultura, y el conocimiento de la realidad de los otros pueblos del Estado y de Europa.". Así mesmo, na alínea i) inclúe como obxectivo da Lei o de "facilitar la integración plena de los ciudadanos de Cataluña a Europa a fin de participar, en pie de igualdad, de los bienes culturales europeos". A Lei galega inclúe, na alínea a), do artigo 3, como obxectivo, o de "promove-lo coñecemento da nosa realidade e moi especialmente da nosa lingua e cultura". Non existen, en cambio referencias concretas a unha formación europea como na catalana. En relación coa formulación de obxectivos concretos de Galicia presentáronse varias emendas.

## *2. Actuacións e programas de acción*

A Lei galega, baixo o título II, denomina actuación previas e actuación a unha serie de actividades administrativas de fomento e de servizo público. As actuacións son, polo tanto, formas de actividade da Administración, para acadalos obxectivos propostos dentro dos campos de actuación. Entre as actividades de fomento figuran a da relación e coordinación con outras entidades, a colaboración con outras institucións, celebrar convenios.

Entre as actividades de servizo público, as relativas a creación de centros e garanti-la formación do profesorado.

O artigo 6 da Lei está dedicado ós programas de actuación. Coincide literalmente o texto da iniciativa en moitos aspectos, co previsto no título II da Lei andaluza, baixo a rúbrica **Dos planos educativos e accións comunitarias**. En Ponencia aceptouse unha emenda sobre programas de alfabetización e a cultura galega, presentadas polo BNG, polo que existe algunha diferenza entre a Lei andaluza e a galega. A diferenza na denominación das actuacións, que na Lei galega se denominan programas e na andaluza planos educativos, non parece ter unha diferenza insalvable.

A actividade de fomento está explicitamente formulada no título da Lei galega. O nome da Lei de Educación e Promoción de Adultos revela os ámbitos que pretende atender-la norma. A andaluza titúlase só de educación de adultos e a catalana leva o nome de formación de adultos. A galega sepárase da andaluza ó engadir-lle o concepto de promoción. Tecnicamente non hai que obxectar nada á extensión nin ó obxecto do título. Desde o aspecto organizativo é unha actividade propia da esfera educativa, como se enuncia na andaluza; é unha actividade de formación dos adultos, en sentido máis amplo que o de educación formal. Desde a intención de estimular e alentar-la propia actividade do adulto, como unha actividade facultativa, e a participación das distintas entidades no proceso educativo e formativo é, así mesmo, unha actividade de promoción, como completa a lei galega. O primeiro nivel, pois, do fomento oriéntase cara o propio adulto, por medio de mecanismos sociais e institucionais que o animen e estimulen a educarse, formarse ou promoverse. Outro nivel, orientado a crear-lo ambiente necesario para a adhesión do adulto ós programas previstos, consiste no fomento da participación de distintas entidades públicas e privadas a prol dunha política de educación e promoción de adultos.

A actividade da prestación ou do servizo público, completa o contido da Lei. Desde as primeiras manifestacións da educación permanente empezou a sentirse a necesidade dunha participación do poder público e da Administración educativa no ensino de analfabetos ou de compensación educativa, como se produciu durante a IIª República coa creación das escolas de noite e coas escolas de analfabetos. Desde 1963, por estímulo da Unesco, a Administración pública adoptou o modelo de es-



colas de analfabetos e das campañas de alfabetización, de maneira que o servizo público estaba presente no proceso educativo. A Lei galega institucionaliza o servizo público da educación e da promoción de adultos por medio dos programas de acción, do artigo 6; o título IV dedícase á organización e funcionamento dos centros e o capítulo II do mesmo título está dedicado ó persoal docente e demais, necesario para o desenvolvemento do servizo. O artigo 18 refírese ós cadros de persoal e ós servizos prestados que se valoren nos concursos, podendo adscribirse, segundo o artigo 1, persoal colaborador dependente doutras institucións e a posibilidade de contratar persoal se non fose posible contar con funcionarios do perfil profesional adecuado.

Non se aborda, en cambio, dunha forma directa ó disposto no artigo 54.2 da LOXSE, no que se di que "Los profesores que impartan a los adultos enseñanzas de las comprendidas en la presente ley, que conduzcan a la obtención de un título académico o profesional, deberán contar con la titulación establecida con carácter general para impartir dichas enseñanzas. Las Administraciones educativas facilitarán a estos profesores la formación didáctica necesaria para responder a las necesidades de las personas adultas". A redacción do capítulo II é moi semellante ó título VI, **Do persoal**, da Lei andaluza, se ben no seu artigo 20 se precisa que o persoal o servizo dos centros públicos estará integrado por persoal ó servizo da Administración. Ámbalas dúas esixen o requisito da convocatoria pública, se ben a galega engade a valoración dos servizos prestados nestes centros. O título IV, rubricado como **Dos Centros e do Persoal**, consta de dous capítulos. O primeiro dedicado ós centros e o segundo ó persoal. Sen embargo, neste título, pola relación que ten co centro, no artigo 17 regúlanse tamén as distintas modalidades de educación e promoción de adultos, que si efectivamente está relacionada cos centros, tamén o está coa tecnoloxía utilizable, coas posibilidades de relación entre os profesores e os alumnos e destes entre si, o que podería permitir situar esta división no título I ou nun título especial e non circunscrito exclusivamente ó concepto de centro.

A clasificación dos centros puido facerse desde as diversas tendencias adoptadas polos poderes públicos e pola Administración educativa encargada de orientar as políticas públicas en materia de ensino de adultos. A LOXSE clasifica os centros desde un punto de vista da relación



administrativa e metodolóxica, sen definilos expresamente. Clasifica os centros en ordinarios ou específicos, precisando que os específicos estarán dispoñibles para as actividades de animación socio-cultural da Comunidade. A Lei catalana, en cambio, define os centros de formación de adultos como aqueles nos que, en exclusiva ou non, se desenvolven estas actividades ou calquera dos ámbitos de actuación definidos no artigo 1. Seguindo a liña da Lei andaluza, a Lei galega clasifica os centros en públicos e privados. Inicialmente na proposición de lei asígnase literalmente a clasificación formulada pola Lei andaluza, establecendo como centros públicos os de titularidade das administracións públicas e os privados para os que teñen como titular unha persoa física ou xurídica de natureza privada, recollendo expresamente o concepto formulado polo artigo 12 da Lei andaluza.

O artigo 15 da Lei galega prescinde das definicións, limitándose a determina-la norma xurídica ou o acto administrativo mediante os que deben integrarse, dispoñendo que os creados pola Comunidade Autónoma deberán selo mediante Decreto da Xunta de Galicia, mentres que os demais, sexan de natureza pública ou privada, deberán ser autorizados pola Administración da Comunidade Autónoma. Na Lei andaluza asígnase á Consellería de Educación a creación e supresión dos centros públicos, mentres que os privados iniciarán o seu funcionamento mediante autorización da Consellería.

O rango xurídico das normas é, polo tanto, diferente, se ben no caso da autorización da expresión Administración da Comunidade Autónoma deixa aberta unha vía para que sexa a Consellería e non a Xunta a encargada de analiza-la creación dos centros, tanto públicos como privados, someteranse á lexislación vixente na Comunidade Autónoma, o que inclúe tamén na lexislación estatal, se ben concretándose nas especiais características de Galicia.

Dentro deste título, régulanse así mesmo, as modalidades de educación e promoción de adultos, tendo en conta a relación dos alumnos cos centros. A modalidade presencial caracterízase pola asistencia dos alumnos a clase, se ben establecendo horarios que permitan facer compatible o traballo coa asistencia a clase. Esta fórmula está recollida tamén no artigo 17 da Lei andaluza. Cataluña regula por decretos os detalles deste tipo de ensino. A modalidade semipresencial está dirixida ós alumnos que teñen problemas para asistir dunha maneira con-

tinua ó centro para que poida asistir dunha maneira intermitente. O artigo aclara a incidencia que debe darse ó uso dos medios de comunicación e aqueles actos presenciais periódicos que permiten orienta-lo alumno ou dirixilo axeitadamente.

Por último, a Lei galega inclúe a modalidade de ensino a distancia, omitido na Lei andaluza, como un tipo de ensino dirixido preferentemente á poboación adulta con dificultade de desprazamentos ou asistencia. Refírese, por tanto, a aqueles alumnos que residen a unha distancia suficiente do centro como para que o seu desprazamento sexa difícil e tamén para aqueles que aínda que residen na proximidade do centro, por distintas razóns non poden estar presentes nin semipresentes no centro. O concepto de dificultade é, por suposto, bastante discrecional, pero tamén suficientemente concreto como para que sexa preciso xustificalo debidamente.

No artigo 15 da Lei galega créase un rexistro de centros de educación e promoción de adultos, sen especifica-la súa configuración orgánica ou o organismo ou dependencias a que debe adscribirse, polo que deberá fixarse regulamentariamente de acordo coa delegación prevista na Disposición Adicional Primeira. A Lei galega non reproduciu, coma noutros casos, a norma andaluza, na que se define o rexistro polo seu carácter público e a súa dependencia da Consellería de Educación e Ciencia. Por outra parte, convén sinalar que tal rexistro está descrito con detalle nas normas regulamentarias de Cataluña e do País Vasco, se ben a catalana, como a galega, simplemente se remite ó desenvolvemento regulamentario do rexistro.

### ***3. A organización e a coordinación de actuacións***

O título III da Lei está dedicado á creación, regulación, funcións e composición do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos. No artigo 9 defínese como o órgano asesor para a coordinación e o seguimento dos programas e para a participación das institucións que interveñen no proceso da educación e da promoción de adultos. O Consello creado pola Lei galega está máis preto do catalán que do andaluz. O artigo 22 da Lei catalana define o Consello Asesor de Formación de Adultos como o órgano de asesoramento creado coa finalidade de incorpora-las distintas instancias sociais con incidencia



no campo de formación de adultos. A Comisión andaluza é, en cambio, un órgano de participación e coordinación para o desenvolvemento e aplicación da Lei, sinalándose concretamente como funcións as de planificar, dinamizar e seguir-las actuacións derivadas da aplicación da Lei e normas que a desenvolvan, así impulsa-lo desenvolvemento dos planos educativos concretos.

A Lei galega sepárase da liña seguida polas leis catalana e andaluza no que se refire á composición do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos. A Lei andaluza establece que a Comisión estará presidida polo conselleiro de Educación e Ciencia do Goberno andaluz e formarán parte do órgano, cando menos, un director xeral de cada unha das consellerías que realicen actividades relacionadas coa educación de adultos. Así mesmo, formarán parte da comisión tres representantes da Federación Andaluza de Municipios e Provincias, un do Instituto Andaluz da Muller e un de cada organismo público de ámbito estatal que desenvolva actividades relacionadas coa educación de adultos.

O artigo 22 da Lei catalana asigna a presidencia do Consello Asesor de Formación de Adultos ó conselleiro do departamento competente en materia de formación de adultos e a vicepresidencia ó director xeral competente na materia. No mesmo artigo regula a composición fixando sete representantes da Generalitat con categoría de director xeral relacionados coa formación de adultos, os presidentes do Consello Social das universidades catalanas, un representante pola Asociación Catalana e outro pola Federación de Municipios de Cataluña; un representante de entidades que desenvolvan actividades no ámbito de formación de adultos; dúas persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos de formación de adultos, coma os autores nomeados polo presidente do Consello; un representante por cada un dos sindicatos máis representativos e dous representantes das asociacións de empresarios máis representativas.

A Lei galega, no artigo 12, dispón que o Consello estea publicado polo conselleiro de Educación e que do mesmo formen parte os representantes das entidades e institucións que desenvolvan actividades relacionadas coa educación e promoción de adultos. A súa estrutura, organización e funcionamento, segundo o artigo, determinaranse por decreto da Xunta de Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista formulou unha emenda sobre a representación no Consello, non afastada do modelo



catalán, pero non prosperou. O Bloque Nacionalista Galego, en vez da opción dun Consello Galego, estimaba máis axeitada a creación dunha Dirección Xeral de Educación Permanente de Adultos, adscrita á Consellería de Educación, pero non foi aceptada a súa proposta. A defensa no Pleno da emenda permitiu contempla-la súa xustificación, entendida como a necesidade de darlle unha atención permanente e non cubri-la materia dun xeito parcial, polo desexo de cubrir desde as institucións públicas este tramo e esta modalidade do ensino. A oposición a esta postura xustificouse aducindo que dificilmente podería lograrse a coordinación de esforzos con outras áreas do Goberno simplemente desde unha dirección xeral. Para fornece-la oposición sinalouse que tal figura non existe en ningunha das leis de educación de adultos do Estado.

## V

## **A formación externa e a vixencia da lei**

### **1. *A integración da Lei no ordenamento xurídico***

A Lei de educación e promoción de adultos publicouse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 300, do 10 do xullo de 1992, en cumprimento da orde de publicación do presidente da Cámara do 24 de xuño do mesmo ano. A Lei publicouse en galego e en castelán, en números diferentes, como é usual desde a IIª lexislatura, xa que na Iª a práctica consistía na publicación simultánea a dobre columna, cando non en forma sucesiva. A publicación no Boletín da Cámara é unha esixencia do artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia, como un trámite necesario para a validez dos acordos do Pleno e dos correspondentes órganos da Cámara, pero é un acto de carácter interno capaz de afectar á validez dos actos parlamentarios. En calquera caso, o acto de publicación no xornal parlamentario segue a ser un acto de formación interna da lei, xa na súa parte final da tramitación no seo do Parlamento.

Os actos de formación externa na fase postparlamentaria da lei galega son a promulgación e a publicación. Estes actos corresponden en exclusiva ó presidente da Xunta de Galicia, como representante ordinario do Estado ou da Comunidade Autónoma. Mentres que as leis do Estado inclúen a sanción, como acto inicial aínda que subsumible no da promulgación por El Rei, o artigo 13.2 refírese xa exclusivamente á promulgación polo presidente da Xunta no seu nome e non en nome propio. Así mesmo, como representante da Comunidade Autónoma correspóndelle ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia e, como representante ordinario do Estado, a publicación no Boletín Oficial do Estado, sendo esta unha das poucas prerrogativas que constitucional ou estatutariamente están previstas con respecto á intervención decisoria de órganos autonómicos en órganos centrais.

A Lei publicada no Boletín Oficial do Parlamento foi remitida á Xunta de Galicia e publicouse logo no Diario Oficial de Galicia nº 152, do 6 de agosto de 1992 como Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, en galego e en castelán, pero en distintos diarios. A fórmula da promulgación utilizada en primeira persoa polo presidente da Xunta de Galicia parece se-la máis aconsellable, pola súa ausencia retórica. É coñecida a retórica e as fórmulas arcaicas que se utilizan para a promulgación dunha lei nas distintas comunidades. A fórmula galega, utilizada desde fai un tempo, e concretamente a empregada na Lei de educación e promoción de adultos, di así: "Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Educación e Promoción de Adultos".

## ***2. A entrada en vigor e a publicación da Lei no Boletín Oficial do Estado***

O comezo da entrada en vigor da Lei, tal como se ordena na Cuarta Disposición Final, debe producirse ó día seguinte corresponde ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. De acordo co previsto no artigo 2.1 do Código Civil, as leis entrarán en vigor ós vinte días da súa completa publicación no Boletín Oficial do Estado, se nelas non se dispuxera outra causa. O artigo 5.1 do

mesmo Código precisa que, sempre que non se estableza outra cousa, nos prazos sinalados por días, contados desde un determinado, este quedara fóra do cómputo, que deberá comezar no día seguinte. O mesmo artigo 5.2 precisa que, no cómputo civil dos prazos, non se exclúen os días inhábiles. Como no precepto devandito da Lei se fixa concretamente un día, será desde ese día específico, desde o que hai que inicia-lo cómputo do prazo de vinte días para a súa entrada en vigor.


O derradeiro trámite para completa-lo ciclo da publicación da Lei galega é o da publicación no Boletín Oficial do Estado. O artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981 esixe a publicación tanto no Diario Oficial de Galicia coma no Boletín Oficial do Estado, se ben, especifica que a efectos da súa entrada en vigor rexerá a data de publicación no periódico oficial galego. A publicación no Boletín Oficial do Estado afecta só á publicación fóra da Comunidade Autónoma xa que, se ben a Lei entra en vigor, non se aplica o principio de *iura novit curia*, de xeito que fóra do territorio autonómico a lei deberá ser obxecto de proba mentres non se insira na publicación oficial do Estado.

Na práctica, entre a publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado soe pasar un prazo medio duns dous meses. As leis do 9 e do 27 de outubro publicáronse no BOE do 1 de xaneiro de 1992. As leis do 8 e 14 de novembro e 9 de decembro publicáronse no Boletín Oficial do Estado, do 3 de xaneiro, existindo, neste caso, prazos maiores e menores á media de publicación. As leis do 17 de decembro e do 17 de marzo inseríronse o 27 de maio de 1992, desbordando amplamente nun dos casos o período medio calculado anteriormente. A Lei de adultos foi publicada no número 247, do 14 de outubro, no Boletín Oficial do Estado, sobrepasando a media dos meses con respecto a outras leis.

A participación de dúas administracións, coa complexidade do proceso, pode xustificar algún atraso, pero non tanto en moitos casos. A práctica de publicar xuntas varias leis de datas tan distintas parece un bo costume, pois normas de tan distintas datas de aprobación e de promulgación, aínda estando en vigor, non deben ter cumpridos tódolos trámites que a norma estatutaria esixe. O Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981, sen embargo, non esixe, como sucede con respecto ás leis estatais, un prazo fixo e concreto para a promulgación nin



para a publicación das leis. Mentres que o artigo 91 da Constitución atribúe a El Rei a sanción das leis estatais no prazo de quince días, e a promulgación e a inmediata publicación, o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 non fixa prazo ningún para a publicación no Diario Oficial de Galicia nin no Boletín Oficial do Estado<sup>15</sup>.

A forzas que aberta ou ocultamente interveñen na formación interna dunha lei esixen unha análise da norma desde outras perspectivas<sup>16</sup>. Por tratarse dunha lei de fomento na que os intereses concretos son menores, tendo en conta ademais que forma parte dunha orientación do ensino na que os propios destinatarios non teñen a capacidade de decisión dabondo para influír nos operadores políticos, como pode suceder nunha lei de comercio interior, por exemplo, o campo queda máis aberto para a manifestación do conflito ideolóxico expresado nos distintos programas políticos e nas escisións que separan ós partidos políticos. De igual modo, na medida en que os grupos parlamentarios expresan na realidade opcións ideolóxicas concretas de partidos políticos, aínda que o Regulamento do Parlamento de Galicia non regule expresamente o feito, a formación interna da Lei de adultos era un bo motivo para a formulación dos modelos de educación permanente dos distintos grupos parlamentarios. Da lectura das emendas presentadas, da comparación coas leis catalana e andaluza, do informe de ponencia e dos debates publicados no Diario de Sesións, pode observarse a discrepancia ideolóxica sobre aspectos concretos da instrumentación da educación permanente de adultos. Todos, como non podía ser menos, estaban conformes en que tal modalidade da ensinanza debe ser motivo da máxima atención polos poderes públicos. 

<sup>15</sup> Xoan Xosé SOLOZABAL ECHEVARRIA: **Sanción, promulgación y mandato de publicación de las leyes**. En "El Parlamento y sus transformaciones actuales", editado por Angel Garrorena Morales. Tecnos. Madrid, 1990; Baldomero CORES TRASMONTA: **Estructura política de Galicia**. Iª Parte. Apuntes da Cátedra de Estructura Política. Tórculo. Santiago, 1993, pp. 107-108.

<sup>16</sup> Edward S. QUADE: **Análisis de formación de decisiones políticas**. Instituto de Estudios Fiscales. Madrid, 1989; Ives MENY e Jean-Claude THOENING: **Las políticas públicas**. Ariel Ciencia Política. Barcelona, 1992.

Carlos I.  
Aymerich  
Cano

## Seminario sobre do novo Código portugués de Procedemento Administrativo (CPA)

(EGAP, Santiago de Compostela, 12 de setembro de 1992)

O día 12 de decembro de 1992 tivo lugar na sede da EGAP en Santiago de Compostela un seminario sobre do novo Código portugués de Procedemento Administrativo (CPA), coa participación do Prof. Diogo Freitas do Amaral, catedrático de Dereito Administrativo na Universidade Clásica de Lisboa.

O profesor Freitas, tras agradecerlle á EGAP o convite de que foi obxecto e salienta-la activa participación que el mesmo tivo na elaboración do CPA, pasou a referirse á longa historia dun corpo legal xa prometido dende 1962, en pleno período salazarista, co empoleiramento dun novo equipo ó Ministerio de Finanzas, unha promesa que formaba parte dun programa de goberno que aínda había tardar máis de trinta anos en cumprirse. Neste senso, xa antes do 25 de abril de 1974 houbo algúns estudos previos para a elaboración do CPA, mais sen se

chegar a publicar. O primeiro proxecto do CPA data de 1980 –cando o propio Freitas era viceprimeiro ministro do Goberno presidido por Sá Carneiro, e en calidade de tal participou naquela primeira versión–. A discusión pública deste primeiro proxecto foi polémica, ata o punto de que en 1982 houbo unha segunda versión preparada por unha comisión diferente, en 1982. Sen embargo, de novo este segundo proxecto quedou “na gabela” ata o ano 1987: foi neste ano cando o goberno de Cavaco Silva lle encargou a Freitas a reformulación dun novo –e máis simple e “leve”– texto do CPA, susceptible de ser publicado como lei.

Deste xeito, o profesor Freitas procurou un equipo de cinco colaboradores na Facultade de Dereito de Lisboa, que, ó cabo de un ano e medio –xa estamos en 1990– presentou ó Goberno unha primeira versión do CPA. A versión final, resultado de a penas media ducia de reformas propostas polo Goberno tras de ser sometido o texto a diferentes comisións e organismos gubernamentais, foi publicada en novembro de 1991 polo DL 442/1991, do 15 de novembro.

Houbo en Portugal unha grande polémica acerca da vantaxe-desvantaxe de contaren os portugueses cun CPA, polémica que rebentou xa en 1981, co gallo do sometemento á opinión pública da primeira versión do CPA: os resultados desta discusión foron maiormente favorables, agás a voz autorizada do Dr. Rogério Soares, catedrático de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito de Coimbra, quen con cinco argumentos fixo unha crítica completa do CPA e da súa propia necesidade:

■ En primeiro lugar, para o profesor Soares, o Dereito Administrativo xa non se pode concibir como un Dereito de preocupacións exclusivamente garantistas. Na segunda metade do século XX, a súa preocupación primeira ten que se-la da eficacia.

■ Xa que logo, un CPA garantista será un atranco para a actividade da Administración.

■ A actividade da Administración Pública non é comparable coa dos Tribunais: se se xustifica un Código de Proceso Civil ou Criminal, non se xustifica un CPA, porque non hai semellanza ningunha entre o procedemento administrativo e o proceso xudiciario. A equiparación



dos mesmos foi un erro teórico de H. Kelsen con consecuencias prácticas negativas.

■ Un CPA paralizará o progreso da doutrina e da xurisprudencia administrativas. Cristalizará o Dereito Administrativo impedindo a súa evolución conforme ós progresos doutriniais e xurisprudenciais.

■ E, en concreto, o proxecto do CPA de 1980 era, para Soares, complexo, ríxido e formalista de máis como para facilita-lo progreso da Administración Pública portuguesa.

Contra destas críticas, entende Freitas que:

■ En primeiro lugar, o Dereito Administrativo ten que continuar a ser un dereito de procuracións garantías: a Administración Pública é maior, máis complexa e poderosa de cada vez, cumprindo o establecemento dunha contrapartida a esta maior intervención da Administración Pública na esfera dos cidadáns.

■ A Administración Pública constitúese de homes, seres imperfectos con vicios e defectos e, xa que logo, o Dereito Administrativo ten que fornecer garantías contra das ilegalidades e os abusos que moitos axentes administrativos practican na súa actuación. Deste xeito, se a Administración Pública pode caer en erros, abusos, inxustizas e ilegalidades, un CPA garantista será sempre benvido, e, sen caer en excesos, no canto de dificultar, racionalizará e mesmo facilitará a actividade administrativa.

■ Hai diferencias de natureza entre a actividade administrativa e a xurisdiccional, e o esquema kelseniano hai tempo que foi abandonado. Mais isto non pode querer dicir que a actividade administrativa non sexa unha actividade procesual, de encadeamento de actos concretos para acadar unha resolución final e, como tal, esta actividade ten que se regular por medio dun Código, aínda que sexa diferente do criminal ou do civil.

■ Finalmente, un CPA non paralizará a evolución doutrinal nin xurisprudencial do Dereito Administrativo. Pola contra, acelerará –ó fornecer novas cuestións para a discusión científica– este progreso, sexa con comentarios, sexa con críticas (neste senso, o propio CPA prevé a súa revisión obrigatoria ó cabo de tres anos de vixencia).

En conclusión, para Freitas, o CPA vai ser un factor de progreso e de aceleración da ciencia do Dereito Administrativo, por canto ningunha lei en Portugal, nos a penas tres meses que o CPA leva en vigor, ten sido tan debatida.

Só en relación co último dos seus argumentos Freitas concorda con R. Soares: en efecto, o proxecto de 1980 era rigoroso e complexo de máis e, como tal, un freo para a eficacia administrativa.

De seguido, o profesor Freitas pasou a referirse ás materias e innovacións contidas no CPA.

En canto ó nome oficial –“Código de Procedemento Administrativo”–, este non responde realmente ó contido da lei, que vai moito máis alá da simple disciplina do procedemento administrativo. En canto á sistemática, divídese o CPA en catro partes, a saber: principios xerais, suxeitos, procedemento administrativo e actividade administrativa, cada unha delas con normas de natureza diferenciada.

Polo que atinxe ós “Principios Xerais do Dereito Administrativo”, que non constaban en anteriores redaccións do CPA, trátase de principios xerais de carácter material, como os de xustiza, igualdade, imparcialidade..., e non procesual.

En canto á parte adicada ós “Suxeitos” do procedemento administrativo, contéñense aquí normas de carácter orgánico referidas, v. gr., ós órganos colexiais, competencia, delegación de poderes, conflitos de competencia e garantías para a imparcialidade da Administración.

A terceira parte –“Procedemento Administrativo”– contén normas de carácter procesual.

E a cuarta e última parte –“Actividade da Administración”– contén normas de dereito material que regulan as principais formas xurídicas utilizadas na actuación administrativa (contratos, actos, etc.).

Polo tanto, máis que de Código de Procedemento Administrativo, case que poderíamos falar de Código Administrativo ou de Dereito Administrativo, por canto é unha lei que regula case que toda a parte xeral do Dereito Administrativo; mais cómpre reparar en que a de-

nominación de “Código Administrativo” é tradicionalmente reservada no Dereito portugués para as normas que regulan as “autarquías” ou Administracións Locais.

Polo que se refire ás innovacións introducidas no CPA, salientou Freitas as seguintes:

■ A enunciación, por vez primeira no Dereito portugués, dos principios do Dereito Administrativo moderno, tal e como resultan da Constitución portuguesa de 1976 tralas súas revisións parciais. Ata o de agora estes principios só eran formulados e aplicados –ás veces– pola doutrina e a xurisprudencia, mais sen estaren recollidos en corpo legal ningún.

■ Contén unha regulación xenérica dos órganos colexiados da Administración Pública. Nalgúns puntos esta regulación é moi innovadora: prohíbese, por exemplo, a abstención dos membros dos órganos colexiais da Administración Pública, o que non deixou de provocar polémica.

■ Entende o CPA a lexitimación para intervir no procedemento administrativo ós titulares dos chamados “intereses difusos” en sete materias: saúde pública, vivenda, educación, patrimonio cultural, medio ambiente, ordenación do territorio e calidade de vida. Cómpre adiantar que está xa en preparación un novo Código do contencioso-administrativo que, en coherencia co CPA, recolla nos termos aquela lexitimación.

■ O artigo 58 fixa un prazo máximo de tres meses para concluír –salvo en casos excepcionais– un procedemento administrativo. Esta disposición, que ten sido moi criticada por parte dos traballadores públicos, suporá unha maior celeridade para a Administración Pública portuguesa, a pesar de ser de moi difícil aplicación.

■ Consagra tamén o CPA, en coherencia co artigo 61 da Constitución, o dereito á información, que se desdobra á súa vez noutros dous dereitos: a) o dereito a seren informados os interesados sobre os procedementos que lles atinxen directamente, e b) o dereito á información mesmo dos que non teñan un interese directo no asunto (manifestación do principio de “Administración aberta” recollido na Constitución trala reforma de 1989). Así e todo, o Goberno entendeu conveniente adia-la regulación deste segundo dereito para un momento posterior.



■ Nos artigos 101, 102 e 103 recóllese a audiencia previa ós interesados antes da resolución final do procedemento. Ata o de agora a Administración Pública portuguesa seguía a funcionar conforme ó clásico esquema de resolución das peticións sen audiencia do interesado, agás no caso dos procedementos disciplinarios. Tralo CPA, a Administración ten que funcionar conforme a un esquema diferente: o proxecto de decisión, fundamentado, se for prexudicial para o interesado, ten que ser oído por este (sen prexuízo, loxicamente, da liberdade decisoria da Administración). Para o caso de resolución desfavorable, a Administración terá que explicita-las razóns para non atender-las alegacións do particular expostas na audiencia.

■ No CPA contense tamén unha nova regulación do acto tácito: agora o prazo de silencio administrativo é de tres meses para a Administración Local e de dous para a Administración Central. O CPA, sen inverte-la regra xeral do silencio administrativo negativo, dexerga no art. 108.3 un conxunto de sete situacións nas que o silencio ten valor positivo. Diante desta mudanza, había mesmo quen defendía o paso para o silencio positivo como regra xeral, mais tanto a comisión redactora coma o Goberno entenderon que sería prematuro introducir unha alteración tan radical dunha regra con tanta tradición na Administración portuguesa e que, en todo caso, será a experiencia a que indique, ó cabo dalgún tempo, se convén ampliar-los supostos do artigo 108.3.

■ Polo que atinxe ás invalidades do acto administrativo, a regra tradicional no Dereito portugués era que o acto administrativo inválido era simplemente anulable e que só en casos excepcionais a nulidade será radical. O CPA, mantendo a regra tradicional, amplía os supostos de nulidade radical (ampliación contemplada no art. 133.2.d para os actos que afecten ó contido dun dereito fundamental, contra dunha xurisprudencia administrativa anterior que entendía que neses casos só había anulabilidade).

■ Por primeira vez en Portugal, os artigos 149 e ss. do CPA regulan a execución coactiva do acto administrativo. Sorprende o silencio legal –e mesmo doutrinal– perante unha materia tan sensible, por canto pode afectar ós dereitos dos cidadáns. A solución fornecida polo

CPA é a seguinte: a Administración Pública pode utilizar a forza para garanti-la execución do acto administrativo, agás se tratar da execución de obrigas pecuniarias, de acordo coa vella tradición europea que impón nestes supostos a necesidade de seguir un proceso xudicial.

■ En canto ó contrato administrativo, tradicionalmente mantivérase en Portugal unha concepción restrictiva do mesmo: só se consideraban contratos administrativos os que viñesen expresamente concibidos pola lei con tal carácter (caso, v. gr., da concesión de servizos públicos). Freitas sempre entendeu que deberían considerarse contratos administrativos tódolos que por razóns substanciais reclamasen unha regulación de Dereito Administrativo, liña que seguiu o CPA, mantendo, nos arts. 178.1 e 2, unha concepción moi aberta dos mesmos<sup>1</sup>.

Finalmente, o relator fixo unha avaliación xeral do CPA. Para el, o Código supón un fito na evolución do Dereito Administrativo portugués: reforza as garantías dos particulares sen entraba-lo funcionamento da Administración (ou, dito doutro xeito, racionaliza o funcionamento da Administración, mais protexendo ó tempo ó cidadán fronte ós seus erros e abusos). Estas garantías son as que, ó seu xuízo, converten o Estado nun instrumento ó servizo dun humanismo que hai que garantir sempre, máis alá da simple eficacia administrativa. ☐

<sup>1</sup> O artigo citado di:

“Diz-se contrato administrativo o acordo de vontades pelo qual é constituída, modificada ou extinta uma relação jurídica administrativa.

São contratos administrativos, designadamente, os contratos de:

- a) Empreitada de obras públicas;
- b) Concessão de obras públicas;
- c) Concessão de serviços públicos;
- d) Concessão de exploração do domínio público;
- e) Concessão de uso privativo do domínio público;
- f) Concessão de exploração de jogos de fortuna ou azar;
- g) Fornecimento contínuo;
- h) Prestação de serviços para fins de imediata utilidade pública”.





*La Nación y los Estados en el  
federalismo norteamericano.  
La interpretación judicial de  
las subvenciones federales.*

Antoni  
Monreal  
Ferrer

Ed. Promociones y Publicaciones Universitarias,  
Barcelona, 1990.

---

O libro de A. Monreal Ferrer véñse sumar ós xa numerosos estudos cos que no Estado español contamos sobre as experiencias de repartición e organización territorial do poder noutros Estados compostos, tanto europeos (os libros de E. Argullol Murgadas ou Giannini sobre o sistema rexional italiano ou o ilustrativo traballo de E. Alberti Rovira sobre o sistema federal alemán) coma o norteamericano que constitúe o obxecto do estudo que imos comentar.

Esta clase de estudos teñen, para o estudioso do sistema de autonomías territoriais do Estado español, un duplo interese:


■ En primeiro lugar, **o verdadeiro coñecemento destoutros sistemas de organización territorial**: o traballo de Monreal Ferrer, por medio dunha exposición sinxela e rigorosa, permítelle ó lector coñecer e comprende-las liñas mestras do

federalismo norteamericano a través do estudio do conxunto de relacións que por mor das subvencións federais, se establecen entre a Federación –basicamente o Congreso– e os Estados federados. Un coñecemento que serve para entender como a interpretación xudicial de determinadas cláusulas constitucionais –da XIV emenda, que permitiu estender ós Estados o *Bill of rights*; da *commerce clause*, que permitiu a ampliación das competencias económicas da federación e mais do *spending power* do Congreso, a través do art. 1.8 da Constitución que autoriza á Cámara para “prover o benestar xeral dos Estados Unidos”– produciu nos EUA, alén de ter feito posible a superación do modelo liberal de Estado mínimo e o *New Deal* roosveltiano, o paso dun federalismo dual ou de separación, baseado na distribución de competencias entre a Federación e os Estados a partir dun cadro de taxado de competencias federais, a un federalismo cooperativo no que o centro de gravidade pasa do sistema de distribución de competencias ó sistema das chamadas en doutrina federalista *intergovernmental relations*, sistema que prima a negociación e a interdependencia entre as autoridades federais, estatais e locais, e no que interveñen diversos factores formais e informais: o sistema de distribución de competencias, a interrelación a tódolos niveis –fiscais, administrativas, etc.– entre as tres instancias de poder territorial e mesmo as interrelacións existentes entre os políticos e os funcionarios dos mesmos. Son precisamente as axudas (*grants*) federais ós estados o principal elemento configurador destas relacións intergubernamentais, de tal xeito que a relación de subvención entre a federación e os estados ofrece un boa perspectiva para estudia-la distribución de funcións entre estes e aquela.

E isto é o que fai Monreal: expondo as clases de subvencións federais, o seu fundamento constitucional e o proceso interpretativo seguido polo Tribunal Supremo na interpretación de cada unha das cláusulas constitucionais que lles dan base e o seu rol no desenvolvemento do federalismo cooperativo norteamericano, para estudar despois a relación subvencional: o condicionamento das subvencións, a través das que se estenderon ós estados os dereitos civís e se executaron políticas deseñadas a nivel federal, en materia de competencia estatal, alleas en principio ó fin procurado directamente polas subvencións; a súa aprobación por unha lei do Congreso, a súa administración por departamentos ou

axencias federais<sup>1</sup> baixo o control do Congreso; e, finalmente, os efectos que sobre a autonomía dos estados teñen as subvencións federais.

■ En segundo lugar, **o estudio das experiencias estranxeiras ofrécelle ó estudioso do sistema español** –coas cautelas precisas e sen pretender aplicar irreflexivamente solucións que deben o seu éxito ás peculiaridades históricas, constitucionais e mesmo ideolóxicas, neste caso dos EUA–, a posibilidade de contrastar técnicas, cara á súa utilización no sistema autonómico da CE de 1978: neste punto, o autor ofrécenos un detido estudio, en primeiro lugar, do fundamento e contido do *spending power* do Congreso e mais, o que ó meu xuízo pode ser máis interesante, das diferentes fases e momentos da relación subvencional entre a federación e os estados: é rechamante, nesta materia, o tratamento que se fai da regulación das subvencións –teñen que se aprobar por lei do Congreso, o que garante a participación dos estados no propio deseño dos programas de axuda, asegurando a súa eficacia e pondo de manifesto unha das máis graves carencias do sistema español de distribución territorial do poder: a participación dos entes subcentrais nas institucións centrais do Estado–, o seu condicionamento –concibido nuns termos ben máis amplos do que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional español permite, por máis que se dubidase en sentencias recentes<sup>2</sup>– e, finalmente, os poderes de sanción dos departamentos e axencias estatais administradoras dos programas.

En conclusión, o libro de Monreal Ferrer constitúe todo un exemplo de exposición clara e sistemática do moderno sistema federal cooperativo nos EUA, estudiado a través das subvencións federais ós estados, acompañado dun completo índice bibliográfico e de sentencias dos TS dos EUA, que patentiza a seriedade do estudio e o interese que nos lectores galegos e españois de seguro ha esperar. 

Carlos I. Aymerich Cano

<sup>1</sup> Administración que non é aquí sinónimo de execución, senón desenvolvemento da lei aprobatoria do Congreso por medio de disposicións administrativas. Do mesmo xeito, as axencias federais son unidades que, dentro do Executivo federal, atenden a fins máis específicos cós dos Departamentos, equivalentes ós nosos Ministerios.

<sup>2</sup> Vid. a STC 13/1992 e o comentario que da mesma fixen no número anterior desta mesma revista.





Carmen  
Chinchilla

*La desviación de  
poder*

Ed. Civitas, Barcelona, 1990.

**E**ste libro véñse a sumar ós xa clásicos estudos que sobre o tema ten elaborado a nosa doutrina intentando sacar novas luces ó abeiro do texto constitucional así como estimularlo emprego da desviación de poder como medio útil de control xudicial da Administración.

Pártese dunha visión histórica na que se destaca a orixe francesa da institución, perfilada e consagrada polo Consello de Estado ó longo do século pasado. Non é de extrañar, polo tanto, que a primeira teorización fose elaborada en Francia, concretamente por Laferrière en 1896.

Centrándose en España, a nosa autora sinala, como momentos importantes, a Constitución da segunda República e a Lei Orgánica do 14 de xullo de 1933, reguladora do Tribunal de Garantías Constitucionais, onde se recolle por vez primeira, de forma expresa, o termo desviación do poder. Mais isto, sen prexuízo de que se considere a Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa de 1956 como momento clave na recepción do concepto en cuestión, tendo singular importancia a definición legal que identifica desviación de poder co "exercicio de potestades administrativas

para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico". Dous anos despois, a Lei de Procedemento Administrativo fará da desviación de poder causa de anulabilidade do acto e fundamento dos recursos de alzada e reposición previo ó contencioso. Remátase a aproximación histórica subliñando a constitucionalización da figura no artigo 106 do noso texto fundamental.

Seguidamente, mergúllase na eséxese da definición legal devandita partindo da base da súa utilidade e claridade; segundo Carmen Chinchilla, pois, a desviación de poder súpón:

a) O exercicio de potestade; sen que por iso haxa que excluír aqueles supostos de inactividade nos que a Administración, intencionadamente, non actúa unha potestade para que non se acade un fin de interese público tutelado pola norma que lle atribuíuatal poder.

b) As potestades ás que nos estamos a referir teñen que ser potestades administrativas, as cales sempre se caracterizan por seren poderes funcionalizados. Se a Administración é un instrumento ó servicio dos intereses xerais (artigo 103.1 da Constitución) todas e cada unha das súas actuacións terán un "para que" a desviación do cal constituirá o vicio que estamos a estudar. Nada disto é predicable da potestade xurisdiccional consistente en aplica-la Lei ó caso concreto nin á potestade legislativa onde, dentro do marco e principios constitucionais, se pode optar políticamente por finalidades diversas. Neste sentido, tratándose do poder legislativo, parece máis útil acudir ó principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

c) O afastamento do fin que xustifica a actividade administrativa. Chegados a este punto Carmen Chinchilla identifica fin con causa do acto arredándose así doutras posicións doutriniais como a do profesor Garrido Falla, que equipara a causa ó presuposto fáctico, ou a dos profesores Enterría e Fernández Rodríguez, que consideran o fin como o obxectivo asignado pola norma que outorga a potestade entrementes que a causa sería a congruencia de facto dos fins propios da potestade que se exerce. Así pois, cando entre as razóns que motivan a Administración a actuar está a de afastarse do fin Público preconcebido, a causa do acto non se terá cumprido e o mesmo será recorrible por desviación de poder. Agora ben, non é preciso que a desviación sexa cara a fins



allos ou interese xeral, se se perseguen fins públicos pero diferentes a aqueles que indica o ordenamento xurídico para o exercicio da potestade concreta, tamén estaremos perante unha desviación de poder.

Ó longo da eséxese aquí brevemente exposta tócanse cuestións de grande interese como os pros e os contras da posibilidade de contemplar a desviación de poder no exercicio de potestades regulamentadas ou nos Regulamentos.

No momento de indagar na natureza xurídica, a liña argumental céntrase en demostrar que estamos perante un vicio de estricteza legalidade. Trátase, polo tanto, de desmontar a tese da violación da moralidade administrativa.

Foi Hauriou quen, partindo da base de que a lei non pode xamais vincular enteiramente o poder discrecional, concebiu a desviación de poder como un control de moralidade. Esta idea tivo singular fortuna e aínda hoxe o noso Tribunal Supremo, cando se enfronta co problema, adoita facer consideracións de tipo ético sendo esta, quizais, unha das causas do uso restrictivo da desviación de poder levado a cabo polos nosos Tribunais.

Fronte ás concepcións anteriores, a profesora Chinchilla defende, á luz do artigo 103.1 e 106 da Constitución, que o principio de legalidade da Administración non deixa espazo para a moralidade administrativa. A lei fixa sempre, cando menos o fin xeral ó que deben atender as decisións administrativas polo que o que terá que ser examinado é se estas se cinguiron á legalidade.

Máis transcendencia ten a pescuda das razóns que explican a frustrante práctica xudicial neste eido. Estas condénsanse fundamentalmente en tres:


- a) A concepción da desviación de poder como técnica de aplicación subsidiaria.
- b) O especial rigor en materia probatoria.
- c) O abuso que deste instituto se ten feito por mor de poder acceder á segunda instancia.

Verbo da primeira razón, a profesora Chinchilla sostén que a desviación de poder é unha infracción do ordenamento xurídico equiparable e compatible con calquera outra, de maneira que nada xustifica o papel secundario que lle asignan os Tribunais máxime cando a Constitución recolle unha referencia expresa ó vicio en estudio (art. 106.1)

